CA10.5 - Recoñecer as drogas, legais e ilegais, considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Recoñecer as drogas, legais e ilegais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concepto de saúde e enfermidade. - Enfermidades infecciosas e non infecciosas. <ul style="list-style-type: none"> - O sistema inmunitario. - Prevención e tratamento das enfermidades infecciosas: a vacinación e o uso responsable de antibióticos. - Os transplantes e a doazón de órganos. - Hábitos saudables: postura adecuada, dieta equilibrada, exercicio físico, hixiene do sono, uso responsable dos dispositivos tecnolóxicos... Prevención do consumo de drogas legais e ilegais.

UD	Título da UD	Duración
12	A paisaxe. Os procesos xeolóxicos externos.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA11.1 - Describir o modelado do relevo, analizando os diferentes axentes, procesos e factores que favorecen a formación da paisaxe, investigando o relevo en Galicia e observando a paisaxe próxima.	Describir o modelado do relevo, analizando os diferentes axentes, procesos e factores que favorecen a formación da paisaxe.	PE	100
CA11.2 - Clasificar os riscos, empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Clasificar os riscos.		
CA11.3 - Valorar a importancia da análise dos riscos xeolóxicos externos potenciados por determinadas accións humanas recoñecendo as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos.	Valorar a importancia da análise dos riscos xeolóxicos externos potenciados por determinadas accións humanas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeomorfoloxía externa. - Axentes, procesos e factores que condicionan o modelado do relevo. - Riscos naturais. - Definición e clasificación. - Riscos xeolóxicos externos.

UD	Título da UD	Duración
13	O traballo científico na sociedade.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles.	Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas utilizando o método científico.	TI	100
CA1.2 - Diseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese.	Diseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio.		
CA1.3 - Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas.	Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc.		
CA1.5 - Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e creación de contidos e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables.		
CA1.6 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico.		
CA1.7 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela.		
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconceito positivo ante as ciencias.	Mostrar resiliencia ante os retos académicos.		
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico.		
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica. - Identificación e formulación de cuestións. - Elaboración de hipóteses. - Comprobación mediante experimentación. - Análise e interpretación de resultados. - Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente.

Contidos

- Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos.
- Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade.
- Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
- Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: a apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe.
- Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
- Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para o desenvolvemento desta materia, seguirase a seguinte metodoloxía:

As sesións teóricas intercalaranse con sesións de resolución de cuestións e problemas, con lecturas de diversos textos relacionadas cos contidos que se vaian tratando, con sesións de repaso mediante presentacións de PowerPoint, e co manexo de diversas páxinas web.

Intentarase achegar os contidos á realidade próxima do alumnado, mediante exemplos relacionados coa vida cotiá e a realización de prácticas de laboratorio (cando sexa posible), nas que se empreguen, materiais e reactivos dispoñibles no laboratorio do centro ou caseiros.

Apostarase por unha metodoloxía activa e participativa centrada no interese do alumnado realizando un seguimento o máis personalizado posible.

Coa metodoloxía aplicada tentarase contribuír a desenvolver a competencia científica do alumnado e capacitálo para construír e aplicar os coñecementos de forma autónoma, creativa, responsable e crítica (tanto no plano persoal da vida cotiá como no social da participación cidadá).

O ámbito Científico-Tecnolóxico está secuenciado en 13 unidades didácticas que se van intercalando e nas que se desenvolven as tres materias constituíntes (Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química). Ademais, consta dunha última unidade didáctica que será impartida de maneira transversal ao longo de cada unha das 12 unidades didácticas restantes.

Dada a plasticidade do ámbito o profesor poderá dar simultaneamente as UD's dedicándolle un peso proporcional semanal/trimestral conforme ás sesións que figuran en PROENS.

* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensino e aprendizaxe téñense que asegurar distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, as alumnas e os alumnos teñen que ser quen de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polo alumnado cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.

3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das novas tecnoloxías. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio constante ás explicacións

* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumna/o, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesma/o e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.

- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

*** DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES**

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- Introdución á unidade didáctica.
- Análise dos coñecementos previos do alumnado.
- Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- Resumo e síntese dos contidos da unidade.

*** TIPOS DE AGRUPAMENTOS**

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

*** CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS**

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro da/o alumna/o.

Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto (por separado para as unidades de Matemáticas, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía da editorial Macmillan Education)
Materiais impresos: - Xornais, revistas científicas e textos para o tratamento e a ampliación de información. - Esquemas mudos, táboas e gráficas para aplicar os contidos traballados. - Rúbricas, listas control e escalas de estimación, para o seguimento do proceso.
Materiais Visuais: - Pizarra e rotulador/xiz para as explicacións e exposicións. - Modelos clásicos para observar os órganos, sistemas e aparellos do ser humano.
Novas tecnoloxías: - Uso de aplicacións web como YouTube, ferramentas de presentacións como PowerPoint e aparellos tecnolóxicos como canón de proxección como axuda para as explicacións. - Uso da navegación por Internet, distintos tipos de software, do traballo na nube e ordenadores para a procura de información, a realización de actividades con ferramentas tecnolóxicas didácticas e para as rúbricas de coavaliación.
Laboratorio de ciencias, biblioteca e recursos independentes do centro (onde terán lugar as posibles actividades complementarias/extraescolares).

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, o caderno da/do alumna/o será recurso indispensable que será solicitado periodicamente para a súa avaliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	10	7	6	10	6	9	9	9	6
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	5	10	100
Proba escrita	100	100	0	90
Táboa de indicadores	0	0	100	10

Criterios de cualificación:

Ao final de cada unidade didáctica realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media ponderada das notas das probas escritas. Esta media, representará o 60% da nota da avaliación.

O outro 40%, virá definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, correspondentes á unidade didáctica 1, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

- Prácticas de laboratorio
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula

- Proxecto científico
- Fichas de actividades de consolidación
- Fichas de actividades de reforzo
- Fichas de actividades de ampliación

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

60% probas escritas + 40% táboas de indicadores

Tanto nas notas de avaliación como na nota final aplicarase o redondeo.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións, tomando en cada avaliación a nota máis alta entre a obtiva na avaliación ordinaria e a da recuperación, de ser o caso.

Criterios de recuperación:

Cando unha/un alumna/o non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita baseada nos criterios mínimos de consecución das unidades asociadas a esa avaliación ao inicio da seguinte avaliación, agás no caso da terceira avaliación que se realizará ao final da mesma. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que teña materias pendentes, realizarase un seguimento individualizado a fin de considerar a necesidade de establecer o preceptivo reforzo educativo.

Ao tratarse dun programa de diversificación curricular, atendendo á resolución do 26 de maio de 2022 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria no curso 2022/23, considérase que no caso de que haxa alumnado coas materias de bioloxía, matemáticas, e física e química pendentes serán superadas se se supera o ámbito científico-tecnolóxico.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais, aplicando os protocolos correspondentes como por exemplo os de TDAH.

Para todo aquel alumnado que presente maior ritmo de aprendizaxe están previstas fichas de actividades de ampliación. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como na interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conferencias sobre as matemáticas e a súa presenza na vida cotiá	Intentarase que acudan ao centro persoas que mostren nunha conferencia a aplicación das matemáticas no seu traballo ou na vida cotiá	X	X	X
Paseo xeométrico	Desenvolverase unha actividade pola localidade na que se realizarán diferentes observacións, medidas e estimacións de cara a relacionar o entorno cos contidos matemáticos traballados.			X

Observacións:

Neste momento non está prevista facer ningunha actividade extraescolar. De todos os xeitos, estaremos abertos a iniciativas educativas novas que chegan a este departamento ao longo do curso, sempre que nos parezan viables e interesantes para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Propoño actividades que aseguran a adquisición das aprendizaxes previstas e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.
Distribúo o tempo adecuadamente: breve tempo de exposición e o resto do mesmo para actividades que o alumnado realice na clase.
Metodoloxía empregada
Propoño situacións introdutorias previas á unidade que se vai a traballar (traballos, diálogos, lecturas...).
Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.
Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, o que é mais importante).
Propoño ao meu alumnado actividades variadas.
Comprobo, de diferentes modos que o alumnado comprendeu a tarefa que deben realizar.
Controlo frecuentemente o traballo do alumnado.
Reviso e corrijo as actividades propostas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación.
Medidas de atención á diversidade
Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, os seus ritmos de aprendizaxes, as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino aprendizaxe.

Clima de traballo na aula
Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.
Fomento o respecto e a colaboración entre as/os alumnas/os e acepto as súas suxerencias e aportacións, tanto para a organización das clases, como para as actividades de aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordínome cos outros profesionais para modificar e/ou adaptar os contidos, actividades, metodoloxía e recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

De xeito periódico, analizarase o grao de avance da materia, en relación coa programación, así como diversos cambios propostos para adaptarse ás necesidades educativas da aula.

Cada avaliación revisarase o seguimento adecuado da programación didáctica, sobre todo analizando os resultados obtidos polo alumnado na avaliación.

Por outra banda, na memoria fin de curso, reflectiranse os contidos impartidos, cambios propostos para sucesivos cursos ou problemas o poñer en práctica o acordado nela.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Biología e xeoloxía	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	30

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Bioloxía e Xeoloxía do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das Unidades Didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que xira durante este segundo ciclo da ESO en torno á anatomía e a fisioloxía do corpo humano, incidindo na importancia de promover hábitos para o coidado da saúde.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Así, esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Padrón, polo que se describirá a continuación o seu contexto xeográfico, socioeconómico e educativo, segundo a información extraída do PEC:

a) Situación da residencia do alumnado e medio de transporte utilizado

O alumnado de ESO é do Concello de Padrón. Non ocorre o mesmo co alumnado de Bacharelato (maioritariamente de Padrón e tamén de Dodro, Rois e Pontecesures) e Ciclos Formativos (de toda a comarca: Padrón, Santiago, Teo, Valga, Rianxo, Caldas..)

O tipo de vivenda maioritario é unifamiliar (80%), situada no medio rural.

En relación ao medio de transporte utilizado, a maioría do alumnado de ESO emprega o transporte escolar (81,94%). O de Bacharelato e Ciclos emprega o transporte da ESO, se hai prazas libres e viven no concello de Padrón; o resto utiliza transporte privado ou público. Co fin de facilitar a utilización do transporte público, os dous institutos do concello de Padrón teñen o mesmo horario e procuran mantelo no tempo.

b) Condicións e medios para o estudo

Practicamente a totalidade do alumnado dispón dun lugar para estudar sen ser molestado polos demais membros da familia.

c) Condicións económicas das familias do alumnado

Este Centro ten un nivel medio baixo segundo o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) construído a partir de variables relativas ao nivel de estudo, á situación laboral e profesional das familias e aos recursos culturais e materiais no fogar.

DESCRIPCIÓN XERAL DOS GRUPOS DE 3º ESO

Os grupos seleccionados de 3º ESO, están composto por 20 e 23 alumnos e alumnas cada un, con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 15 anos (incluíndo o alumnado repetidor).

En canto ás ACNEAE, neste ano académico 2022-2023 e para este nivel, contamos con:

- Grupo A: 4 casos con TDAH e 1 alumno de altas capacidades. En xeral é un grupo de rapaces/as con certas dificultades de aprendizaxe, anque con bo comportamento.

- Grupo B: 2 casos con TDAH, 2 alumnos/as repetidores (un deles, ademais de ser un caso TDAH, tamén ten síndrome de Tourette).

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O corpo humano	Comezando coa descrición dos diferentes niveis de organización, do máis sinxelo ao máis complexo, detallarase a estrutura das células humanas (lembrando a diferenza coas células procariotas e coas células eucariotas animais), coa descrición das características e funcións dos distintos orgánulos. Explicarase o concepto de diferenciación celular, dando exemplos para facilitar a súa comprensión. Describiranse brevemente os tecidos do corpo humano, e relacionanse os órganos, aparellos e sistemas coas funcións vitais dos seres vivos.	12	9	X		
2	A saúde e o sistema inmunitario	En primeiro lugar, aclararase el concepto de saúde e enfermidade, segundo a definición da OMS. Clasificaranse as enfermidades nos seus tipos, e describirase cada un deles en detalle. Nas enfermidades infecciosas, describiranse os principais axentes patóxenos e as súas vías de entrada e capacidade de transmisión. Definiranse os conceptos de epidemia, pandemia e endemia. A continuación, desenvolverase o funcionamento do sistema inmunitario, describindo as barreiras defensivas e os tipos de inmunidade. Por último, explicarase a diferenza entre tratamento e prevención, facendo fincapé na importancia das vacinas e do mantemento de hábitos saudables para o noso organismo.	12	9	X		
3	A alimentación	Darase inicio a esta UD coa diferenza entre alimentación e nutrición, e a clasificación dos tipos de alimentos e nutrientes. Analizarase o valor enerxético dos alimentos, e describirase a dieta saudable, desenvolvendo o prato de Harvard. Aprenderase a interpretación da etiquetaxe dos alimentos, para rematar tratando brevemente a hixiene alimentaria e realizando unha reflexión final sobre o consumo responsable e a alimentación sostible.	9	7	X		
4	A circulación e a dixestión	Estudaranse a anatomía e a fisioloxía do aparello circulatorio (sangue, vasos sanguíneos e corazón) e do aparello dixestivo (tubo dixestivo e glándulas anexas). Explicaranse as principais enfermidades asociadas a estes aparellos.	12	8		X	
5	A respiración e a excreción	Estudaranse a anatomía e a fisioloxía do	12	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A respiración e a excreción	aparello respiratorio (pulmóns, e vías respiratorias) e do aparello excretor (riles e vías urinarias). Explicaranse as principais enfermidades asociadas a estes aparellos.	12	8		X	
6	Os órganos dos sentidos e o aparello locomotor	Estudaranse a anatomía e a fisioloxía dos distintos órganos dos sentidos e do aparello locomotor (sistema muscular e sistema esquelético). Explicaranse as principais enfermidades asociadas a estes órganos e aparello.	11	8		X	
7	Os sistemas nervioso e endócrino	Estudaranse a anatomía e a fisioloxía dos sistemas nervioso (central e periférico) e do endócrino (glándulas e hormonas). Explicaranse as principais enfermidades asociadas a estes órganos e aparello.	12	8			X
8	A función de reprodución	Comezarase esta UD recordando as características principais da reprodución humana, e os cambios que teñen lugar na importante etapa da adolescencia e da puberdade. Estudaranse a anatomía e a fisioloxía dos aparellos reprodutores feminino e masculino. Farase fincapé no ciclo menstrual, na fecundación, embarazo e parto, e na importancia do uso dos métodos anticonceptivos para evitar embarazos non desexados e a transmisión de ITS. Citaranse as técnicas de reprodución asistida. Rematarase a UD reflexionando sobre a sexualidade e a saúde sexual e reprodutiva.	12	8			X
9	Os volcáns e os terremotos	Explicaranse como se producen os volcáns e os terremotos, relacionando estes fenómenos coa teoría da tectónica de placas. Daranse a coñecer cales son os riscos volcánicos e sísmicos e a importancia da súa previsión e prevención.	8	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O corpo humano	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos a través do coñecemento dos postulados da teoría celular.	Comprender o significado de "unidade estrutural" e unidade funcional", e recoñecer que a célula cumpre estes dous postulados da teoría celular.	PE	80
CA3.3 - Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células utilizando diferentes estratexias de observación e comparación e relacionándoas coas súas funcións.	Diferenciar os tipos de células e os orgánulos correspondentes, e recoñecer a función principal de cada un.		
CA4.3 - Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	Recoñecer cales son os aparellos e sistemas que participan na nutrición, e ser quen de enumerar os principais órganos que os constitúen.		
CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.	Recoñecer cales son os aparellos e sistemas que participan na relación, e ser quen de enumerar os principais órganos que os constitúen.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Explicar o concepto de célula e recoñecer a relación entre os orgánulos empregando modelos celulares.	TI	20
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Comprender o traballo científico desenvolvido na teoría celular, e investigar na rede os achegas que permitiron a súa elaboración.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expoñer preguntas na clase e formular hipóteses sobre as cuestións plantexadas.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Realizar a práctica de observación de células da mucosa bucal, como primeira toma de contacto no laboratorio, entendendo o obxectivo da experiencia e respectando as normas de seguridade e hixiene no laboratorio.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións extraídas da experiencia de laboratorio no cadernillo de laboratorio deseñado para tal fin.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Poñer en valor o papel da ciencia na sociedade, debatendo e comentando exemplos como noticias científicas de actualidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados.	Resolver cuestións sinxelas e expoñelas oralmente en clase empregando vocabulario científico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada. - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - A teoría celular. Recoñecemento da célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos: - Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas (animais e vexetais). - Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas. - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. - Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino.

UD	Título da UD	Duración
2	A saúde e o sistema inmunitario	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Explicar e interpretar gráficas e infografías onde se representen conceptos como o de saúde ou inmunidade.	PE	80
CA3.4 - Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos.	Definir os virus e recoñecelos como axentes patóxenos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Recoñecer as vacinas como o método de prevención máis eficaz fronte as enfermidades infecciosas.		
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables.		
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Identificar as solucións a problemas relacionados coas drogas.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables.		
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) como substancias prexudiciais para a saúde.		
CA6.1 - Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web), mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade.		
CA6.3 - Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e os tratamentos que existen ata o momento.	Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas.		
CA6.4 - Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario recoñecendo o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas.	Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Comprender o traballo científico desenvolvido para importantes achegas para a saúde como as vacinas, buscando información sobre a historia e evolución destes fármacos.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expoñer preguntas na clase e formular hipóteses sobre as cuestións plantexadas.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica e desmontar argumentos non fundados na ciencia, en especial os relacionada coa recente pandemia da COVID-19.	TI	20
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Poñer en valor o valor da ciencia na sociedade, debatendo e comentando exemplos como noticias científicas de actualidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados.	Comprender conceptos científicos clave nesta UD, como o de inmunidade.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Empregar os recursos dixitais dispoñibles no curso virtual.		
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica.		
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física.		
CA6.2 - Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Formas acelulares. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia. - Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...). - Enfermidades infecciosas e non infecciosas: - Diferenciación en base á súa etioloxía.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas. - O uso adecuado dos antibióticos. - Sistema inmunitario: análise dos diferentes tipos de barreiras e mecanismos de defensa que dificultan a entrada de patóxenos ao organismo. - Relación entre o sistema inmunitario e a prevención e superación fronte ás enfermidades infecciosas. - Importancia da vacinación na prevención de enfermidades e na mellora da calidade da vida humana. - Importancia dos transplantes e da doazón de órganos.

UD	Título da UD	Duración
3	A alimentación	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e interpretar o plato de Harvard.	PE	80
CA4.4 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as diferenzas entre alimentación e nutrición e diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas.	Comprender a importancia da alimentación e a nutrición, diferenciando os tipos de nutrientes e as súas funcións básicas.		
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Analizar criticamente as solucións a problemas relacionados coa alimentación saudable.		
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Identificar a boa alimentación e o exercicio físico como hábitos saudables.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Comprender o traballo científico desenvolvido no campo da alimentación.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expoñer preguntas na clase e formular hipóteses sobre as cuestións plantexadas.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoos de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información científica relacionada coa alimentación, desmontando argumentos non fundados ou mitos sobre alimentación moi extendidos na actualidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Realizar a práctica de detección de amidón nos alimentos, entendendo o obxectivo da experiencia e respectando as normas de seguridade e hixiene no laboratorio.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións extraídas da experiencia de laboratorio no cadernillo de laboratorio deseñado para tal fin.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Traballar en equipo participando na creación dun ambiente respectuoso, igualitario e cooperativo. Por exemplo, no laboratorio.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Poñer en valor o papel da ciencia na sociedade, neste caso a importancia da divulgación científica para conseguir unha boa alimentación nas familias.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas plantexados no curso virtual, a partir de infografía ou textos para razoar.		
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Seleccionar información rigorosa na internet para realizar pequenas investigacións sobre cuestións plantexadas na aula.		
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica, desmontando mitos relacionados coa alimentación.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia de levar unha alimentación saudable para conseguir un bo estado de saúde.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).

Contidos

- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.
- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.
- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.
- Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
- Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia.

UD	Título da UD	Duración
4	A circulación e a dixestión	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Interpretar en debuxos, diagramas e esquemas os procesos dixestivo e circulatorio.	PE	80
CA4.3 - Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	Enumerar os aparellos e sistemas implicados na función de nutrición.		
CA4.5 - Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.	Explicar os procesos fundamentais da nutrición e coñecer os aparellos e sistemas que interveñen nela.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Recoñecer os hábitos saudables dos aparellos circulatorio e dixestivo como métodos de prevención de doenzas destes aparellos.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións a partir de información extraída de páxinas web con rigor científico.	TI	20
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expoñer preguntas e formular hipóteses ante as distintas cuestións plantexadas.		
CA1.5 - Deseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Realizar a práctica de disección de corazón, entendendo o obxectivo da experiencia e respectando as normas de seguridade e hixiene no laboratorio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións da práctica no cadernillo de laboratorio.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Poñer en valor o papel da ciencia na sociedade, no campo da saúde cardiovascular e dixestiva.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver cuestións científicas a partir dos recursos dixitais do curso virtual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada. - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia.

UD	Título da UD	Duración
5	A respiración e a excreción	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Interpretar en debuxos, diagramas e esquemas os procesos respiratorio e excretor.	PE	80
CA4.3 - Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	Enumerar os aparellos e sistemas implicados na función de nutrición.		
CA4.5 - Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.	Explicar os procesos fundamentais da respiración e a excreción e recoñecer os aparellos e sistemas implicados nestes procesos.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Recoñecer os hábitos saudables dos aparellos respiratorio e excretor como métodos de prevención de doenzas destes aparellos.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións a partir de información extraída de páxinas web con rigor científico.	TI	20
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expoñer preguntas e plantexar hipóteses ante as distintas cuestións formuladas.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Realizar a práctica de disección de ril, entendendo o obxectivo da experiencia e respectando as normas de seguridade e hixiene no laboratorio.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións da práctica no cadernillo de laboratorio.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Poñer en valor o papel da ciencia na sociedade, no campo da saúde cardiovascular e dixestiva.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver cuestións científicas a partir dos recursos dixitais do curso virtual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada. - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
6	Os órganos dos sentidos e o aparello locomotor	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Interpretar en debuxos, diagramas e esquemas os procesos da información dos sentidos e da locomoción, así coma dos órganos implicados.	PE	80
CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.	Identificar os órganos, aparellos e sistemas implicados na función de relación: os sentidos e a locomoción.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Recoñecer os hábitos saudables para os órganos dos sentidos e o aparello locomotor como métodos de prevención das doenzas que os afectan.		
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Analizar a importancia da actividade física para a saúde.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións a partir de información extraída de páxinas web con rigor científico.	TI	20
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expoñer preguntas e plantexar hipóteses ante as distintas cuestións formuladas.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar gráficos onde se amose a grao de actividade física na poboación da contorna.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Poñer en valor o papel da ciencia na sociedade, no campo da saúde dos órganos dos sentidos e do aparello locomotor.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver cuestións científicas a partir dos recursos dixitais do curso virtual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. - Análise e visión xeral da función de relación. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).

UD	Título da UD	Duración
7	Os sistemas nervioso e endócrino	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Interpretar en debuxos, diagramas e esquemas os procesos de funcionamento do sistema nervioso e endócrino.	PE	80
CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.	Recoñecer os órganos, aparellos e sistemas implicados na función de relación, e as funcións de cada un.		
CA4.7 - Comprender a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.	Comprender a conexión entre o sistema nervioso e o endócrino.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Recoñecer os hábitos saudables para os sistemas nervioso e endócrino como métodos de prevención das doenzas que os afectan.		
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Comprender o efecto das drogas sobre o sistema nervioso, e recoñecelas como substancias prexudiciais		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións a partir de información extraída de páxinas web con rigor científico.	TI	20
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expoñer preguntas e plantexar hipóteses ante as distintas cuestións formuladas.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoos de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Desmontar crenzas e mitos non fundados na ciencia a través da argumentación científica.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar gráficos que amosen información sobre o consumo de drogas, a saúde mental, etc.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Poñer en valor o papel da ciencia na sociedade, no campo da saúde mental e endócrina.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver cuestións científicas a partir dos recursos dixitais do curso virtual.		
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Analizar criticamente as solucións a problemas relacionados co consumo de drogas, a saúde mental e endócrina.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. - Análise e visión xeral da función de relación. - Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino. - Relación entre a anatomía e a fisioloxía básicas do aparello reprodutor. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
8	A función de reprodución	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Interpretar en debuxos, diagramas e esquemas as estruturas do aparello reprodutor e a fisioloxía do mesmo.	PE	80
CA4.8 - Recoñecer os procesos da reprodución humana identificando as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.	Recoñecer as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicados na reprodución humana.		
CA4.9 - Reflexionar sobre a reprodución e a sexualidade valorando a súa propia sexualidade e a das persoas da súa contorna.	Comprender os conceptos de reprodución e sexualidade.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos saudables para o aparello reprodutor para evitar doenzas relacionadas con este aparello.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións a partir de información extraída de páxinas web con rigor científico.	TI	20
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expoñer preguntas e plantexar hipóteses ante as distintas cuestións formuladas.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar e interpretar gráficos sobre uso de métodos de prevención.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar de xeito respectuoso nun proxecto científico, promovendo un ambiente de traballo igualitario.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Poñer en valor o papel da ciencia na sociedade, no campo da saúde do aparello reprodutor.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver cuestións científicas a partir dos recursos dixitais do curso virtual.		
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información científica, desmontando mitos/crenzas sobre saúde sexual, non fundados na ciencia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Analizar criticamente as solucións a problemas relacionados coa saúde sexual.		
CA5.6 - Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.	Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino. - Relación entre a anatomía e a fisioloxía básicas do aparello reprodutor. - Reprodución e sexualidade. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico: - Infeccións de transmisión sexual (ITS). - Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. A asertividade e o autocoidado. - As relacións afectivo-sexuais: ideas preconcebidas e estereotipos sexuais.

UD	Título da UD	Duración
9	Os volcáns e os terremotos	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Clasificar os riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Clasificar os riscos xeolóxicos.	PE	80
CA2.2 - Analizar os riscos naturais a través dos factores de risco valorando a importancia das medidas de predición e prevención.	Analizar os riscos naturais.		
CA2.3 - Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra e os tipos de erupcións volcánicas, integrándoas coa teoría da tectónica de placas.	Explicar ao orixe e a distribución sísmica e volcánica na Terra.		
CA2.4 - Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico e as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos, buscando e aportando exemplos.	Valorar a importancia do risco sísmico e volcánico.		
CA2.5 - Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e interpretar gráficos relacionados con esta UD: estrutura interna da Terra, as placas tectónicas, etc.	TI	20
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Comprender o traballo científico desenvolvido na xeoloxía, investigando as importantes achegas neste campo para o coñecemento volcánico e sísmico actual.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expoñer preguntas en clase e plantexar hipóteses sobre as cuestións explicadas.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información científica sobre temas xeolóxicos.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Expoñer un traballo empregando gráficos, táboas, etc., seleccionadas de páxinas web científicas.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Poñer en valor o papel da ciencia na sociedade, debatendo e comentando exemplos como a recente erupción volcánica na Illa da Palma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.
- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.
- Riscos naturais:
 - Definición e clasificación.
 - Análise e planificación.
- Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas:
- Orixe e distribución global dos terremotos e do vulcanismo na Terra.
- Tipos de erupcións volcánicas.
- Análise do risco sísmico e volcánico. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado e o traballo cooperativo.

Así mesmo, traballaranse os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurarse distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de de ser capaces de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polos alumnos/as cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.

3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio constante ás explicacións

* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.

- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

*** DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES**

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- Introdución á unidade didáctica.
- Análise dos coñecementos previos dos alumnado.
- Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- Resumo e síntese dos contidos da unidade.

*** TIPOS DE AGRUPAMENTOS**

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

*** CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS**

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de fragmentos/capítulos de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a.

Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais e kahoots, así como o emprego da aula virtual como plataforma para a interacción alumnado-profesora da materia, publicación dos recursos empregados, avaliacións interactivas, etc.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO, Editorial Santillana, Proxecto construíndo mundos
Aula virtual
Páxinas web
Vídeos de interese
Lecturas recomendadas
Material de laboratorio

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto de editorial Santillana (proxecto construíndo mundos), recomendado polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do centro e o caderno, recurso indispensable que será solicitado periodicamente para a súa avaliación.

No portfolio o alumnado gardará e clasificará trimestralmente non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno.

A aula virtual é unha ferramenta que servirá tamén como vía de comunicación co alumnado, ademais de como lugar onde atopar o material audiovisual empregado en cada UD: ligazóns a páxinas web, vídeos visionados e outros recursos de interese.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

Entre os exemplos de lecturas recomendadas que empregaremos están: "Os nenos da varíola" (en colaboración co departamento de LGI), de María Solar, "Que se le van las vitaminas!", de Deborah García Bello, "La digestión es la cuestión", de Giulia Enders, "Que no te líen con la comida", de Miguel Ángel Lurueña, ou "Homo imperfectus", de María Martín.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

Convén aclarar que, xa que esta materia neste nivel só conta con 2 horas á semana, e ao carecer este centro de desdobres, faise moi complicada a organización de prácticas de laboratorio en 3º ESO, o que dificulta a axeitada asimilación de contidos por parte de alumnado, xa que as sesións prácticas constitúen a forma perfecta de complementar as teóricas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	9	12	12	11	12	12	8	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

Segundo a nova ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023, na ESO a sesión da terceira avaliación parcial deberá coincidir coa sesión de avaliación final.

A.- Criterios para determinar as cualificacións trimestrais.

A cualificación de cada avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo/a alumno/a nos seguintes apartados e de acordo coa ponderación proposta para cada un deles.

1.- Probas escritas

A cualificación correspondente a este apartado na avaliación será a media aritmética das cualificacións obtidas nas distintas probas a realizar.

A non asistencia ás probas deberá ser xustificada e documentada convenientemente: só por motivos de enfermidade ou de forza maior se poderá aprazar individualmente unha proba escrita, nestes casos cómpre a correspondente xustificación documentada (certificado médico, citación xudicial...) para que a proba poida ser realizada noutra data.

2.- Actividades individuais e de grupo

Proxectos e traballos de investigación, exposicións sobre temas diversos, actividades en laboratorio, etc; nestas actividades os membros do grupo terán unha cualificación individual que pode ser diferente para os diferentes membros do equipo en función da achega feita ao traballo colectivo.

3.- Traballo de aula

Para a valoración deste apartado atenderase ás observacións realizadas pola profesora sobre a o traballo individual do alumna/o (elaboración do caderno de aula, anotacións sobre as actividades realizadas na aula...) e ao desenvolvemento do traballo común (participación, colaboración...)

Cualificación total de avaliación:

Para o cálculo da cualificación total do alumno/a por avaliación e en cada curso o valor en % de cada apartado será:

80% probas escritas

20% actividades individuais e de grupo e traballo de aula

NOTA: Non cumprir as normas dadas para a realización das probas e "copiar" - en calquera das súas modalidades- poderá ser motivo de suspenso na avaliación correspondente.

B.- Criterios para determinar a cualificación na avaliación final ordinaria.

A cualificación final do curso será a "media ponderada"^(*) das tres avaliacións. A materia considérase superada se se obtén unha nota de 5 ou superior.

Con carácter xeral, para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións. Se se dá o caso de que a cualificación obtida nunha avaliación suspensa é dun mínimo de 4 e a media final coas outras avaliacións acadase o 5, a/o alumna/o terá o curso aprobado sen necesidade de realizar recuperación ningunha; neste suposto, para facer efectivo o aprobado final, o/a alumno/a deberá realizar as tarefas de reforzo e recuperación propostas sobre o trimestre suspenso.

A cualificación de cada avaliación que se computará para a media final, no caso de haber probas de recuperación, será a máis alta das obtidas polo/a alumno/a (de entre a de a avaliación ordinaria e as de recuperación das avaliacións suspensas).

^(*)Valorarase positivamente e redondeará cara arriba a constancia e regularidade na boa realización das tarefas propostas e a melloría na traxectoria académica e nos resultados obtidos polo alumno/a nas últimas avaliacións.

Criterios de recuperación:

Probas de recuperación.

As materias deste departamento non teñen avaliación continua nos apartados referidos a numerosos contidos, polo tanto, os/as alumnos/as que non acadaran o aprobado sumando todos os apartados na avaliación correspondente deberán presentarse e superar (obter un mínimo de 5 puntos) unha proba de recuperación que incluírá os contidos totais traballados no trimestre (aqueles obxecto de probas escritas e, tamén, os correspondentes ás demais actividades realizadas durante a avaliación).

Se o/a alumno/a non supera o 1º trimestre, a proba de recuperación realizarase despois da entrega de notas de 1ª avaliación e do período vacacional de Nadal (a data para a realización da proba de recuperación será establecida por acordo entre a profesora e o alumnado correspondente). Se non supera os 2º e 3º trimestres as probas de recuperación correspondente realizaranse en xuño, na proba final.

Proba final

A recuperación final constará de probas parciais correspondentes a cada unha das tres avaliacións. Cada alumno/a poderá presentarse a esta proba para recuperar os parciais que non superou ao longo do curso, os cales quedarán aprobados se obtén un mínimo de 5 puntos, no caso de que estes sexan un ou dous trimestres suspensos; se o nº de trimestre é de tres, realizará unha proba global deseñada especificamente para esta convocatoria que estará aprobada se acadar un mínimo de 5 puntos de 10.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso académico 2022-2023 non hai alumnado coa materia de Bioloxía e Xeoloxía de 3º ESO pendente (do curso 2021-2022).

No caso de habelo, procederíase así:

Para este alumnado, realizaríase un seguimento individualizado dos mesmos/as, a fin de considerar a necesidade de establecer o preceptivo reforzo educativo dirixido a garantir que no seu caso o proceso de ensino non se vexa afectado por este feito.

Estas medidas serían acordadas ao principio de curso no Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, en concordancia coas directrices que marca o programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes que se detalla a continuación:

O seguimento da avaliación das aprendizaxes do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores será coordinado polas profesoras que imparten as materias nos grupos ordinarios correspondentes.

- A profesora encargada proporá ao alumnado con materias pendentes un plan de actividades cuatrimestral no que se desenvolverán os contidos que se establezan para ese período de tempo. Ao remate de cada unha das fases, as alumnas e alumnos deberán presentar os resultados das actividades realizadas e o caderno de traballo cumprimentado para a súa valoración polas profesoras, para a realización das correccións necesarias, e para a aclaración das dúbidas xurdidas. Este traballo poderá ser considerado para a superación do parcial respectivo.

- Cada cuatrimestre realizarase unha proba escrita (parcial) sobre os contidos abordados nas actividades propostas para os períodos correspondentes e segundo calendario proposto pola Xefatura de Estudos.

Aprobarán a materia aqueles alumnos e alumnas que teñan superadas con puntuación de 5 ou superior as dúas probas parciais que se realizan no curso; de non darse a circunstancia anterior deberán obter un 5 ou nota superior na proba de avaliación final.

Os contidos sobre os que versarán as actividades e as probas serán os mesmos que se establecen na programación didáctica do departamento para cada unha das diferentes materias e cursos. A súa secuenciación será, de igual modo, semellante á seguida cos grupos ordinarios.

A maiores, creouse un curso virtual específico para este alumnado, onde terá a disposición todos os recursos precisos para facilitarlle a recuperación da materia pendente, e unha vía de comunicación co profesorado para consultar dúbidas e/ou estar ao tanto das novidades e convocatorias de xuntanzas.

Ademais, un documento informativo onde se concretaban estas datas das probas escritas de recuperación da materia pendente, foi entregado ao alumnado e as súas familias, e ao seu titor/a actual.

Seguindo as directrices do Departamento de Orientación, a profesora de referencia elaborou os informes correspondentes para este alumnado, que foron entregados ao seu titor/a.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

En todos os casos traballarase de acordo coas indicacións facilitadas polo Departamento de Orientación, que estará informado, ao igual que os seus titores/as, da evolución deste alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión da lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla ADOS	Charla da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, para concienciar ao alumnado da importancia da doazón e o transplante de órganos			X

Observacións:

CA3.7 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.	Detecta na contorna a necesidade do aforro enerxético e da conservación sostible do medio ambiente. Asociado ao contido C3.3.		
CA3.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.		Baleiro	0
CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.			
CA3.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.			
CA3.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos. - Enerxía eléctrica: obtención. Unidades de enerxía. Potencia eléctrica. - Transformación da electricidade en movemento, luz, son, calor... Máquinas eléctricas. - O aforro enerxético e a conservación sostible do medio ambiente.

UD	Título da UD	Duración
5	Os cambios. A reacción química	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e comprender os cambios físicos e químicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identifica e comprende cambios físicos e químicos cotiáns relevantes. Asociado ao contido C4.1 (os cambios).	PE	86
CA4.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas utilizando as leis e as teorías adecuadas e expresando correctamente os resultados. Asociado ao subcontido C4.2.1 e ao contido C4.3 (axustes, estequiometría, uso de modelos).		
CA4.3.1. - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Detecta situacións problemáticas relacionadas cos cambios químicos e descríbeas propoñendo solucións. Asociado ao subcontido C4.2.2 (Impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre...).		
CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Observa, formula hipóteses e aplica a experimentación, a indagación e a procura de evidencias. Asociado aos contidos C4.3, C4.4 e ao subcontido C4.2.1 (estudo experimental de reaccións químicas).		
CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa aos cambios físicos e químicos dun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Interpreta e produce datos en forma de textos, táboas, gráficas, informes, fórmulas, modelos e símbolos entre outros. Asociado ao contido C4.4 e o subcontido C4.2.2 (Industria química e progreso).		
CA4.3.2. - Emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír a solucionar problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos.	Emprende iniciativas para contribuír á solución de problemas relacionados cos cambios químicos. Asociado ao subcontido C4.2.2 (cálculo e redución da pegada de carbono).	TI	14
CA4.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Emprende iniciativas para contribuír á solución de problemas relacionados cos cambios químicos. Asociado ao subcontido C4.2.2 (cálculo e redución da pegada de carbono).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuir á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen. - Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. - Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: uso de modelos, axustes. - Explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. - Lei de conservación da masa e lei das proporcións definidas: aplicación destas leis como evidencias experimentais que permiten validar o modelo atómico-molecular da materia. - Factores que afectan as reaccións químicas: predición cualitativa da evolución das reaccións, entendendo a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación, e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

A metodoloxía que se emprega inspírase na teoría chamada da aprendizaxe significativa, que podíamos definir como unha aprendizaxe non repetitiva, senón unha aprendizaxe onde os novos coñecementos sexan integrados na estrutura cognitiva previa dos alumnos, permitindo establecer vínculos entre o que xa coñece e o que ven de coñecer de novo.

Por tanto:

- Basearémonos nos coñecementos previos do alumnado, que se fará a través dunha avaliación inicial a través de preguntas orais ou por unha proba escrita; para detectar os coñecementos de partida do alumnado.
- Realizaremos actividades motivadoras baseándonos nos intereses do alumnado e contextualizándoas á realidade próxima.
- Para o desenvolvemento dos contidos empregárase o método expositivo: para a presentación do tema ou unidade, para a explicación de conceptos e para a realización de cuestións e exercicios.

Tipos de actividades

- Actividades de inicio: destinadas a avaliar os coñecementos previos. Tamén se utilizará un pequeno vídeo/presentación ao inicio de cada unidade para motivar e introducir ao alumnado no tema.
- Actividades desenvolvemento: proporáselles a realización das actividades que partirán de conceptos simples que se irán facendo progresivamente máis complexos que aparecen no seu libro de texto e outros para que o alumnado as vaia realizando. Rematada a exposición de contidos dedicaráselle as sesións necesarias para resolvelos.
- Actividades de reforzo/ampliación: crearanse actividades de reforzo co fin de acadar os mínimos esixibles asociados a cada estándar ou ben de ampliación para o alumnado que o necesite.

Tipos de agrupamento

- Traballarase de xeito individual procurando que o alumnado teña unha participación activa na formulación e resolución de cuestións científicas despertando o seu interese pola resolución dos problemas cotiáns.
- Traballarase en pequeno grupo procurando que cada alumno/a colabore e participe en todas as actividades

propostas, repartindo equitativamente entre os membros do grupo os traballos rutineiros e os máis atractivos: establecendo así unha dinámica de grupo. Isto ocorrerá sobre todo no laboratorio.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (poden ser desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foro na Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería na Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas na Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais: Libro de texto/apuntamentos, vídeos e textos elaborados polo profesorado e/ou alumnado, presentacións audiovisuais, material dixital seleccionado, material de laboratorio adecuado ás prácticas deseñadas, modelos moleculares...
Recursos: Aula, aula virtual, laboratorio equipado, ordenadores, teléfonos móbiles, recursos audiovisuais, recursos informáticos e todo tipo de recursos de papelería, láminas, carteis...

A maioría do material e dos recursos descritos non precisan descrición. Estarán ao servizo da aprendizaxe de todo o alumnado seguindo o modelo DUA.

O libro de texto é o seguinte: "Física y Química 3º ESO" Proyecto construyendo mundos (Editorial Santillana) ISBN 9788414400050

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 2ºESO).
- Materias pendentes ou en repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar o proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 2º de ESO. Dita proba non afectará ás cualificacións dos alumnos e prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado mediante preguntas de control sobre os coñecementos previos de cada unidade didáctica .

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	23	18	17	22	100
Proba escrita	70	87	70	68	86	77
Táboa de indicadores	30	13	30	32	14	23

Crterios de cualificación:

Avaliación ordinaria

- O curso está dividido en tres avaliacións (trimestres). En cada unha delas, o alumnado deberá facer dúas ou tres probas escritas, as cales versarán sobre a materia impartida para cada unha delas: teoría, cuestións teóricas e problemas. A puntuación total de cada pregunta só se logrará se esta é contestada correctamente na súa totalidade. Neste sentido unha cuestión deberá estar razoada e un exercicio resolto na súa totalidade, coas fórmulas deducidas cando así o especifique o seu enunciado e os resultados expresados coas unidades oportunas.
- As probas escritas realizaranse nas horas de clase. A duración concreta de cada proba será indicada ao principio da proba. A non asistencia do alumnado ás probas terá que ser xustificada e documentada convenientemente. Só por motivos de enfermidade ou de forza maior se poderá aprazar individualmente unha proba escrita e terá que realizarse o día seguinte que dito alumnado asista a clase desta materia.
- No caso de que o alumnado sexa sorprendido copiando, ou empregando procedementos deshonestos en canto á obtención da nota dun exame ou proba, será cualificado cun 0 nese exame ou proba.
- Para aprobar un exame o alumnado debe obter cinco puntos ou máis. Se ten unha nota menor de cinco puntos e non consegue compensar esa nota, terá que ir á recuperación dese exame.

Cualificación das avaliacións

A cualificación outorgada nas avaliacións calcularase segundo o seguinte criterio:

- O 80% da nota do trimestre será a media obtida nas probas escritas (os exames) da avaliación.
- O 20% da nota do trimestre corresponderá á observación diaria do alumnado e a participación activa.
- A suma destas dúas notas resultará será o valor de cada trimestre con decimais: TR1, TR2, TR3.
- A nota da 1ª avaliación corresponderase co valor TR1 sen decimais.
- A nota da 2ª avaliación corresponderase co valor TR2 sen decimais.
- A nota da 3ª avaliación corresponderase co valor TR3 sen decimais.
- A nota final será o promedio sen decimais de TR1, TR2 e TR3.

As notas das avaliacións e final calcularanse aplicando as normas de redondeo matemático e serán as cualificacións que deben figurar no XADE. Considerarase positiva a cualificación cando, despois de efectuado o redondeo, se obteña unha nota igual ou superior a cinco puntos; e negativa cando sexa inferior a cinco puntos.

Procedemento para a recuperación

Haberá unha recuperación que terá lugar nos derradeiros días lectivos antes da avaliación final de xuño, con data fixada pola profesora da materia (ou pola dirección do centro). Nesta recuperación final o alumnado examinarase das avaliacións que teña suspensas (no caso de que non a compense coas avaliacións aprobadas) ou de todo curso (no caso de que teña todas as avaliacións sen superar).

O exame de recuperación valorarase de 0 a 10 puntos. A nota acadada neste exame será a que compute como nota do trimestre (TR1, TR2 ou TR3) para a media definitiva do curso, ou como nota final do curso (no caso de suspender todas avaliacións), considerándose aprobado cunha nota de cinco ou superior.

Avaliación final

A nota final do curso será o promedio de TR1, TR2 e TR3 sempre que sexa igual ou superior a cinco puntos e, como moito, se teña unha avaliación suspensa. Cando o alumnado teña dúas ou máis avaliacións suspensas, a nota final será a acadada no exame de recuperación final con data fixada pola profesora da materia (ou pola dirección do centro), considerándose aprobado cunha nota de cinco ou superior. Aplicaranse as normas de redondeo matemático só para obter a cualificación que debe figurar no XADE.

Criterios de recuperación:

Haberá unha recuperación que terá lugar nos derradeiros días lectivos antes da avaliación final de xuño, con data fixada pola profesora da materia (ou pola dirección do centro). Nesta recuperación final o alumnado examínase das avaliacións que teña suspensas (no caso de que non a compense coas avaliacións aprobadas) ou de todo curso (no caso de que teña todas as avaliacións sen superar).

O exame de recuperación valorarase de 0 a 10 puntos. A nota acadada neste exame será a que compute como nota do trimestre (TR1, TR2 ou TR3) para a media definitiva do curso, ou como nota final do curso (no caso de suspender todas as avaliacións), considerándose aprobado cunha nota de cinco ou superior.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para recuperar a materia pendente o alumnado ten que acadar os obxectivos da materia e adquirir as competencias correspondentes. Con este propósito garantíranse as seguintes accións.

1.-Todo o alumnado que teña pendente a Física e Química de 3º estará matriculado nun curso específico na aula virtual.

2.-O alumnado recibirá unha serie de tarefas, actividades e exercicios propostos polo profesor ou profesora responsable da materia, baixo a dirección do departamento, que estarán a disposición do alumnado na aula virtual.

3.-O seguimento do progreso ao longo do curso farase de forma presencial (un mínimo de 3 reunións) e a través da aula virtual.

4.-O alumnado será avaliado dos CA correspondentes á materia mediante tres probas escritas, o que non impide que se poidan utilizar outros instrumentos de avaliación sempre que non interfiran coa marcha do curso no resto das materias e que se poidan ofertar a todo o alumnado coa Física e Química de 3º de ESO pendente.

Para tal fin, antes do 20 de setembro, o profesorado que imparta Física e Química de 3º de ESO planificará unha reunión co alumnado que teña a dita materia sen superar, na que se lle entregará un documento informativo, aprobado polo departamento, que deberá conter:

1.-Os criterios de avaliación, cos seus mínimos, e os procedementos e instrumentos de avaliación a aplicar.

2.-A descrición do curso de pendentes na aula virtual.

3.-Tarefas a realizar e as súas datas de corrección. Estas tarefas deben facilitar o proceso de recuperación. Consistirán na realización de actividades similares ás que serán obxecto de avaliación nas probas escritas. Constarán de tres bloques, cada un correspondente a unha proba escrita. Serán corrixiadas pola profesora ou profesor responsable da materia pendente nunha xuntanza presencial co alumnado, que terá lugar na semana lectiva anterior á correspondente proba escrita. Ademais, ao longo do curso proporáanse as actividades que se considere necesario, a través da aula virtual.

4.-Datas das probas escritas, especificando os CA obxecto de avaliación nelas. Realizaranse tres probas, en datas que non interfiran coas correspondentes ás materias do curso. Unha proposta de partida podería ser:

-Primeira proba na última semana de decembro.

-Segunda proba na última semana de febreiro.

-Terceira proba na última semana de abril.

En calquera caso este calendario precisa dun acordo de centro.

En todas as probas contemplárase a posibilidade de recuperar os CA non superados en probas anteriores.

O/A xefe/a de departamento enviará, a través da plataforma Abalar, un comunicado ás familias, indicando a documentación que se lle entregou ao seu fillo/a. De non recibir resposta, enviarase esa documentación á familia por correo certificado.

Ao longo do trimestre, o profesorado responsable do seguimento deberá comunicar á familia a situación do alumno/a vía Abalar, ou ben nas reunións que a familia teña co titor ou titora.

En cada un dos trimestres, xunto cos boletíns de cualificacións comunicáraselle ás familias como é a evolución do seu fillo/a na recuperación da materia pendente.

Os criterios de cualificación son os mesmos que se aplican no curso ordinario. A cualificación asígnaselle ao Criterio de Avaliación e non depende do instrumento utilizado, senón do grao de adquisición do CA. A cualificación será a media ponderada das asignadas a cada CA.

Considerase que a materia pendente foi superada cando ao rematar o curso a cualificación correspondente á media ponderada dos CA sexa igual ou maior que 5,0.

Nos últimos días lectivos previos á sesión de avaliación final garantiráselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os CA non superados.

6. Medidas de atención á diversidade

Garantirase a adecuada atención á diversidade no marco do modelo de Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Por tanto, desenvolverase o currículo atendendo aos tres principios fundamentais que guían o DUA:

- Proporcionar múltiples formas de representación.
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.
- Proporcionar múltiples formas de implicación.

I. Proporcionar múltiples formas de representación.

PAUTA 1. Percepción.

- 1.1.- Ofrecendo diferentes formas de presentación. (Uso de materiais dixitais cuxa presentación poida ser personalizada).
- 1.2.- Ofrecendo alternativas á información auditiva. (Transcricións escritas, subtítulos, gráficos, énfases, etc.).
- 1.3.- Ofrecendo alternativas á información visual. (Proporcionar descricións).

PAUTA 2. Linguaxe, expresións matemáticas e símbolos.

- 2.1.- Clarificando vocabulario e símbolos. (Pre-ensinar o vocabulario e os símbolos, proporcionar descricións de texto alternativas aos mesmos, etc.).
- 2.2.- Clarificando sintaxe e estruturas. (Clarificar a sintaxe non familiar a través de alternativas tales como estruturas previas, modelos moleculares, mapas conceptuais, etc.).
- 2.3.- Facilitando a descodificación de textos, notacións matemáticas e símbolos. (Permitir o acceso a representacións múltiples de notación; por exemplo, fórmula e modelo molecular).
- 2.4.- Promovendo a comprensión entre diferentes idiomas. (Facer que a información clave estea dispoñible en varias linguas, utilizar tradutores).
- 2.5.- Ilustrando a través de múltiples medios. (Utilizar representacións simbólicas para conceptos clave).

PAUTA 3. Comprensión.

- 3.1.- Activando ou substituíndo coñecementos previos. (Utilizar organizadores como mapas conceptuais, métodos KWL, etc.).
- 3.2.- Destacando ideas principais e relacións.
- 3.3.- Guiando o procesamento da información, a visualización e a manipulación. (Eliminar elementos distractores, proporcionar múltiples formas de aproximarse ao obxecto de estudo).
- 3.4.- Maximizando a transferencia e a xeneralización. (Integrar ideas novas dentro de contextos xa coñecidos, proporcionar situacións que permitan a xeneralización da aprendizaxe).

II. Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.

PAUTA 4. Interacción física.

- 4.1.- Variando métodos para resposta e navegación. (Proporcionar alternativas para dar respostas físicas).
- 4.2.- Optimizando o acceso ás ferramentas e os produtos e tecnoloxías de apoio. (Proporcionar acceso a teclados alternativos).

PAUTA 5. A expresión e a comunicación.

- 5.1.- Usando múltiples medios de comunicación. (Resolver problemas utilizando distintas estratexias, utilizar redes sociais, etc.).
- 5.2.- Usando múltiples ferramentas para a construción e a composición. (Usar correctores ortográficos, proporcionar calculadoras, páxinas web de formulación, etc.).

PAUTA 6. As funcións executivas.

- 6.1.- Guiando o establecemento adecuado de metas. (Poñer exemplos de procesos e definición de metas, proporcionar apoios para estimar a súa consecución, visualizar as metas, etc.).
- 6.2.- Apoiando a planificación e o desenvolvemento de estratexias. (Usar freos cognitivos, chamadas a parar e pensar, revisar portafolio ou similares, proporcionar listas de comprobación para establecer prioridades, etc.).
- 6.3.- Facilitando a xestión de información e recursos. (Proporcionar organizadores gráficos para recollida e organización de información).

6.4.- Aumentando a capacidade para facer un seguimento dos avances. (Facer preguntas guía, mostrar representacións dos progresos, proporcionar modelos de autoavaliación, etc.).

III. Proporcionar múltiples formas de implicación.

PAUTA 7. Opcións para captar o interese.

7.1.- Optimizando a elección individual e a autonomía. (Proporcionar ao alumnado posibilidades de elección no contexto ou contidos utilizados para a avaliación das competencias, das ferramentas para recoller e producir información, das secuencias e tempos para completar as tarefas, etc.).

7.2.- Optimizando a relevancia, o valor e a autenticidade. (Deseñar actividades e propoñer fontes de información para que poidan ser personalizadas, socialmente relevantes, culturalmente significativas, actividades con resultados comunicables, que permitan a investigación, que fomenten o uso da imaxinación, etc.).

7.3.- Minimizando a inseguridade e as distraccións. (Crear un clima de apoio, reducir os niveis de incerteza creando rutinas de clase, variando os niveis de estimulación sensorial para que a aprendizaxe poida ter lugar).

PAUTA 8. Opcións para manter o esforzo e a persistencia.

8.1.- Resaltando a relevancia das metas. (Pedir ao alumnado que formule o obxectivo de forma explícita, fomentar a división de metas en obxectivos a curto prazo, involucrar aos alumnos e as alumnas en debates de avaliación, etc.).

8.2.- Variando as esixencias e os recursos para optimizar os desafíos. (Diferenciar o grao de complexidade con que poden completar as tarefas, proporcionar ferramentas alternativas, facer fincapé no proceso, etc.).

8.3.- Fomentando a colaboración e a comunidade. (Crear grupos cooperativos, proporcionar indicadores para pedir apoio a compañeiros e compañeiras, fomentar as oportunidades de interacción, etc.).

8.4.- Utilizando o feedback orientado cara á excelencia nunha tarefa. (Proporcionar feedback que saliente o esforzo, que sexa informativo e non competitivo, que fomente a perseveranza, etc.).

PAUTA 9. Opcións para a autorregulación.

9.1.- Promovendo expectativas e crenzas que optimicen a motivación. (Proporcionar avisos, listas, rúbricas que se centren en obxectivos de autorregulación, proporcionar apoios que modelen o proceso para establecer metas persoais, apoiar actividades que propicien a autoreflexión, etc.).

9.2.- Facilitando estratexias e habilidades para afrontar problemas da vida cotiá. (Proporcionar modelos para xestionar a frustración e buscar apoios emocionais, manexar adecuadamente as fobias, usar situacións reais para demostrar habilidades e para afrontar os problemas, etc.).

9.3.- Desenvolvendo a auto-avaliación e a reflexión. (Desenvolver actividades que inclúan medios que permitan ao alumnado obter feedback que favorezan o recoñecemento do progreso e permitan controlar os cambios na conduta dos alumnos e as alumnas).

En resume:

Cando algún alumnado necesite unha atención educativa diferente á ordinaria, o profesorado desenvolverá as medidas de atención á diversidade apoiadas nos materiais que os proxectos seleccionados para ESO nos proporcionan (fichas de reforzo e fichas de ampliación). De ser necesarias, faranse as adaptacións curriculares correspondentes (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) polo profesorado que imparta a materia; en colaboración co departamento de orientación. Neste caso farase un seguimento continuado dos progresos deste alumnado e informarse ao titor ou titora e ao resto dos docentes que traballen nese grupo.

Valorarase o traballo diario como medida do esforzo realizado polo alumno para superar as súas dificultades, e en último caso poderanse adaptar os criterios de avaliación.

Ademáis consideramos que as seguintes medidas contribúen a axustar as actuacións do profesorado ás características do alumnado:

- Desdoblamento do grupo para certas actividades.

- Colaboración doutro profesor da área nas actividades experimentais, estando contempladas dentro do horario lectivo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
<p>ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.6.</p>	X	X	X	X	X
<p>ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (Obtención de enerxía eléctrica, tratamento de augas residuais...), así como en pequenos debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA2.4, CA3.5, CA4...</p>	X	X	X	X	X
<p>ET.3 - Comunicación audiovisual. Como se indicou no apartado de concrecións metodolóxicas, promoverase o modelo de aula invertida (ou modificacións del utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA). Non só se fomentaría o uso pasivo do vídeo por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais.</p>	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas sobre formulación e similares. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5 e CA1.6.	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación, así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo... Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1 e CA1.8.	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é substancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1.	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos... Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.7 -	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas en consonancia co criterio de avaliación CA1.7. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia e concretamente facelo no CA1.9 .	X	X	X	X	X
ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a unha fábrica da contorna	De ser posible, desenvolverase no terceiro trimestre			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

1.-Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%)
2.-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico, ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).
3.-As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a porcentaxe de medidas de atención á diversidade recollidas no apartado 6 desta programación, para cada una das PAUTAS que foron desenvolvidas, e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) 4 (>90%).
4.-Desenvolvemento da programación didáctica. Usando como indicador de logro o grao de desenvolvemento e adecuación daquela e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1 (desenvolveuse < 90% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 2 (desenvolveuse o 100% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 3 (desenvolveuse > 90% e máis de 3 nos anteriores ítems); 4 (desenvolveuse o 100% e máis de 3 nos anteriores ítems).
5.-Organización da aula para executar as programacións. Usando como indicador a accesibilidade do alumnado, conforme ao que se recolle no apartado de descrición, e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%), 4(>90%)
6.-Aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións. Usando como indicador o aproveitamento de recursos medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<3), 2 (3), 3(4) e 4(>5).
7.-Procedementos de avaliación do alumnado. Usando como indicador a eficacia da retroalimentación, medida conforme e ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%), 4(>90%)
8.-Coordinación do profesorado. Usando como indicador a coordinación do profesorado, medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<2), 2 (2), 3(3) e 4(4).

Descrición:

5-ORGANIZACIÓN DA AULA PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS

Responder SI ou NON aos seguintes ítems aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas obrigatorias se a resposta é NON). Entre outras evidencias deberase ter en conta a resposta dos alumnos e das alumnas aos ítems.

ÍTEMS

1.-ACCESIBILIDADE FÍSICA NA AULA

- 1.1.-Todo o alumnado pode participar en calquera actividade sen atopar dificultades físicas?
- 1.2.-Todo o alumnado pode coller e manipular obxectos comodamente (uso de material escolar, informático, etc.)?
- 1.3.-Todo o alumnado pode participar nas actividades na clase ou ter o material necesario sen que llo impidan problemas económicos?
- 1.4.-As actividades deséñanse para que o alumnado con problemas de saúde poida participar?

2.-ACCESIBILIDADE SENSORIAL

- 2.1.-Todo o alumnado pode acceder sen dificultades, a través dos sentidos, á información necesaria para realizar actividades, manipular obxectos e desprazarse polas contornas?
- 2.3.-No caso de que algún alumno ou alumna teña problemas de hipoacusia, cegueira, baixa visión, daltonismo, hipersensibilidades sensoriais, tipo táctil..., téñense en conta as súas necesidades no deseño de actividades na aula?

3.-ACCESIBILIDADE COGNITIVA

- 3.1.-O alumnado entende as actividades, comprende o que pasa na aula e sabe utilizar os materiais necesarios para realizar esas actividades?
- 3.2.-O deseño e contido da actividade trata de eliminar calquera posible prexuízo, parcialidade ou trato inxusto?
- 3.3.-O alumnado sabe o que vai facer e o que se lle vai a pedir?
- 3.4.-O tempo/horario e as actividades a realizar están visibles?
- 3.5.-Os materiais e o contido da actividade teñen en conta a perspectiva de xénero? E as diferenzas culturais?
- 3.6.-Os materiais e recursos da aula están organizados e etiquetados?
- 3.7.-Todo o alumnado sabe atopar e gardar o material no seu sitio?
- 3.8.-No caso de que algún alumno ou alumna requira algún apoio ou axuda específica para a comunicación, tense en

conta no deseño das actividades?

3.9.-Todo o alumnado pode comunicarse na clase sen ningún problema ocasionado por descoñecemento das linguas vehiculares?

4.-ACCESIBILIDADE EMOCIONAL

4.1.-O alumnado síntese capaz de realizar as actividades que se propoñen na clase?

4.2.-No caso de ter algún alumno ou alumna con historia de fracaso escolar, téñense en conta as súas necesidades no deseño das actividades de aula?

4.3.-No caso de que algún alumno ou alumna estea vivindo unha situación que poida supor unha barreira emocional para a aprendizaxe, tense en conta a súa situación no desenvolvemento das actividades de aula?

4.4.-Se chega alguén novo ao grupo, cóntase cun protocolo de acollida?

4.5.-Todo o alumnado coñece as normas de convivencia na aula?

4.6.-Hai procedementos de resolución de conflitos?

4.7.-Cóntase con espazos e actividades periódicas que permitan a participación de todo o alumnado?

6.-APROVEITAMENTO DE RECURSOS DISPOÑIBLES NO CENTRO E NO CONTORNO PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS.

Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON). Entre outras evidencias deberase ter en conta as respostas do alumnado aos ítems.

ÍTEMS

1.-Utilízase o aula virtual?

2.-Utilízase a biblioteca?

3.-Utilízanse os laboratorios?

4.-No caso de que existan, participase nos proxectos de internacionalización do centro?

5.-Participase nos proxectos formativos do centro?

6.-Colábrase co club de ciencias, de lectura ou similares?

7.-Participase en actividades en colaboración co concello (educación viaria, biblioteca municipal, actividades culturais...) ou con outras institucións do contorno?

7.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON).

ÍTEMS

1.-Ao comentar o exercicio, exposición, etc. que fixo o alumno/a sinálase tanto o que fixo ben como os erros cometidos?

2.-Os comentarios e a frecuencia en proporcionar retroalimentación axústanse a cada alumno/a en particular?

3.-Téntase que a retroalimentación sexa o máis inmediato posible para o alumnado con menor competencia nesa tarefa?

4.-Dilátase a retroalimentación para o alumnado con maior competencia?

5.-Ao sinalar un erro indícase en que se equivocou e dáse algunha pista de como resolvelo correctamente?

6.-Cando o alumnado o necesita, exemplifícase o proceso paso a paso?

7.-Facilítanse pautas de corrección, rúbricas... para que o alumnado poida autoavaliar o seu traballo?

8.-Realízanse frecuentemente actividades de autoavaliación e coavaliación na corrección de exercicios?

9.-En ocasións pídeselle opinión ao alumno ou alumna acerca de que comentarios ou apoios sobre a súa tarefa lle axudan máis?

10.-Anímase ao alumno/a a que reflexione ao realizar un exercicio/tarefa preguntándose que teño que facer, como estou ao facer e como o fixen?

8.-COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON).

ÍTEMS

1.-Deséñanse tarefas interdisciplinarias?

2.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de avaliar criterios de avaliación que sexan comúns a diferentes materias?

3.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de tratar os elementos transversais?

4.-Hai outro tipo de acordos entre o profesorado dos cursos e lévanse a cabo?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar na reunión mensual do departamento. O resultado de dito seguimento realizarase e actualizarase no apartado correspondente desta aplicación.

Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación (en datas o máis próximas posibles). Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación, ademais da recollida nesta aplicación. Analizarase expresamente o grao de cumprimento das propostas de mellora realizadas con anterioridade.

Como indicador de logro do grao de desenvolvemento e adecuación da programación propónse un baseado no seguimento de cada unidade didáctica (data de inicio e final, sesións previstas fronte a sesións realizadas e grao de cumprimento) e o éxito académico acadado tras cada avaliación ponderando entre 1 e 4 do seguinte xeito:

1. Desenvolveuse menos do 90% e acadou menos de 3 nalgún dos ítems que se recollen a continuación nesta descrición.
2. Desenvolveuse o 100% e acadou menos de 3 nalgún dos ítems.
3. Desenvolveuse máis do 90% e acadou máis de 3 nos ítems.
4. Desenvolveuse o 100% e acadou máis de 3 nos ítems.

Os ítems de aprendizaxe son os seguintes:

-Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).

-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).

-As medidas de atención á diversidade recollidas no apartado 6 desta programación para cada unha das PAUTAS que foron desenvolvidas ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).

En función da análise realizada faranse as correspondentes propostas de mellora.

Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	31
4.2. Materiais e recursos didácticos	35
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	37
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	37
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	41
6. Medidas de atención á diversidade	44
7.1. Concreción dos elementos transversais	49
7.2. Actividades complementarias	50
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	51
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	53
9. Outros apartados	55

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que o alumnado adquiera os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e cotiás) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura oriéntanse á eficacia comunicativa e a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade dos dereitos de todas as persoas. Así, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no ensino básico, co fin de promover a práctica dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida. Estes obxectivos supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo, o que implica unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas, xa que neste curso a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Por outra banda, para o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nos seus aspectos pragmático, lingüístico, sociolingüístico e literario, hai que ter en conta as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, dominio que require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios. Así mesmo, a reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos alumnado, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de valorar a diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. O segundo e terceiro obxectivos refírense á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. O cuarto está relacionado coa comprensión lectora de textos de diferentes ámbitos de comunicación e o quinto, coa expresión escrita, no relativo á produción, comprensión e interpretación. O sexto obxectivo focaliza a alfabetización mediática e informacional, o sétimo e o oitavo se establecen para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada e o obxectivo noveno ocúpase da lingua e os seus usos. O décimo obxectivo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Para cada obxectivo fórmulanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado na súa adquisición. Estes criterios teñen un enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, sendo necesario o uso de ferramentas e instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora, para potenciar no alumnado os coñecementos en situacións comunicativas reais propias dos diferentes ámbitos. Para isto é importante vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes, atendendo á súa gradación e complementariedade, para que ao final de cada curso consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos. É fundamental o traballo coordinado con outras materias do currículo, especialmente do ámbito lingüístico, debido ao emprego común dos distintos xéneros discursivos.

Dado o enfoque global e competencial da educación lingüística, a gradación entre cursos se establece na distribución diferenciada de saberes e na maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía

conferido ao alumnado. Por iso, tanto os contidos como os criterios de avaliación gardan paralelismo nos diferentes cursos.

Os criterios de avaliación e os contidos para o curso de 3º de ESO organízanse en cinco bloques. O primeiro, "As linguas e os seus falantes", correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, "Comunicación oral e escrita", integran os contidos implicados na comunicación e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, "Educación literaria", recolle as ferramentas necesarias para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria. O quinto bloque, "Reflexión sobre a lingua", propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalingüaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Estes cinco bloques de contido ditribúense nesta proposta didáctica para 3º de ESO nas seguintes Unidades Didácticas:

UNIDADE 1- Iguais na diferenza: con esta unidade preténdense combater os prexuízos e os estereotipos lingüísticos así como coñecer as diferentes manifestacións lingüísticas de España.

UNIDADE 2- Di o que pensas: o obxectivo desta unidade é a produción e elaboración de textos escritos e orais de carácter expositivo-argumentativo.

UNIDADE 3- O teu turno de palabra: Unidade continuadora da anterior coa que se pretende que o alumando participe oralmente nun debate dun tema determinado, utilizando as técnicas adquiridas para a exposición e argumentación

UNIDADE 4- Os libros falan: O obxectivo desta unidade consiste na lectura dunha obra narrativa xuvenil e analizar as súas características temáticas, formales e técnicas.

UNIDADE 5- Novas frescas na rede: A finalidade desta unidade é analizar textos das redes sociais e dos medios de comunicación e a produción propia deste tipo de textos.

UNIDADE 6- As palabras que perduran no tempo: Unidade adicada á análise textual de fragmentos narrativos, líricos e dramáticos procedentes da literatura medieval e do Século de Ouro.

UNIDADE 7- Verso a verso; bico a bico: Unidade na que se pretende facer unha panorámica do tema do amor a través do tempo e da literatura.

UNIDADE 8 - Palabras con clase. Unidade na que se traballara a reflexión e análise do nivel morfolóxico la lingua.

UNIDADE 9 - Ordena as palabras; ordena as túas ideas. Unidade adicada a reflexión e análise do nivel sintáctico e semántico das unidades lingüísticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Iguais na diferenza	Con esta unidade, preténdense combater os prexuízos e os estereotipos lingüísticos. A partir da análise da orixe e do desenvolvemento tanto histórico como sociolingüístico das linguas de España, estudaranse os fenómenos propios do contacto entre linguas (interferencias, préstamos, bilingüismo e diglosia) e promoverase a defensa dos dereitos lingüísticos das persoas e a resolución dialogada dos conflitos.	5	5			X
2	Di o que pensas	Nesta unidade traballarase o texto expositivo-argumentativo (técnicas, estrutura, recursos), valorando a súa	5	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Di o que pensas	importancia para o debate dialéctico e presentandoo como medio para o desenvolvemento do método científico; a unidade complétase coa produción de textos propios que faciliten a autonomía de pensamento do alumnado, a actitude crítica e aumentar o léxico propio.	5	5			X
3	O teu turno de palabra	Unidade continuadora da anterior coa que se pretende que o alumando participe oralmente nun debate utilizando as técnicas adquiridas para a exposición e argumentación dun tema determinado, respetando os turnos de palabra e as distintas opinións.	5	5			X
4	Os libros falan	Esta unidade está relacionada co Obxectivo 4º e 5º no referente a comprensión lectora e a expresión escrita, e está programada para facilitar o tránsito dende unha lectura argumental a outra máis analítica para establecer os elementos que conforman a obra literaria (narrador, estrutura, personaxes, técnica narrativa, tema, etc.). Partindo da lectura dunha obra de narrativa xuvenil actual e/ou dun clásico adaptado, o alumnado realizará a análise nunha proba escrita por medio da reflexión e a crítica (argumentada e persoal) da mesma .	10	10	X	X	X
5	Novas frescas na rede	Nesta unidade, que se corresponde co obxectivo 6º, se valorará e analizará a importancia dos medios de comunicación de masas, tanto analóxicos como telemáticos, a súa eficacia como difusores de información e o seu papel na configuración social e política do mundo actual. Posteriormente, o alumnado analizará textos das redes sociais e dos medios de comunicación e producirá os seus propios.	5	5			X
6	As palabras que perduran no tempo	A reflexión literaria a través da lcomprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, a capacidade crítica e creativa do alumnado, o acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e o coñecemento de si mesmos. Esta unidade, relacionada co obxectivo 4º e 5º e a unidade 4, adicarase á análise textual de fragmentos narrativos, líricos e dramáticos da literatura medieval e dos Séculos de Ouro, contextualizándoos na súa época, e na obra do autor/-a, e analizando a	20	20	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	As palabras que perduran no tempo	súas características. Así mesmo, estudaríanse os rasgos das distintas épocas literarias e correntes literarias (dente a Idade Media ata o século XVII) e das obras dos autores/-as máis significativos, co obxectivo de contextualizar o fragmento na obra e na época correspondente. Preténdese fomentar a opinión crítica e autónoma do alumnado de xeito escrito mediante a análise dos rasgos característicos, interpretándoos e valorándoos como fenómeno artístico.	20	20	X	X	X
7	Verso a verso; bico a bico	Nesta unidade vaise traballar o tema do amor ao longo da Historia na Literatura Universal, a través das obras (Canción trovadoresca e galego-portuguesa, a narrativa de amor sentimental, o amor romántico ou o amor no Realismo) e de personaxes significativos como Orfeo e Eurídice, Dido e Eneas, Calisto e Melibea ou Romeo e Xulieta, sen esquecer a relación amorosa de carácter non heterosexual presente na obra de Safo, Oscar Wilde ou Lorca. A unidade preséntase cunha dobre intencionalidade: por unha banda, analizaríase o tema ao longo do tempo en distintos xéneros, épocas e autoras/-es, e por outra, o alumnado faría un traballo no que desenvolvese un tema relacionado co amor (personaxes, obras significativas, mitos, tópicos, recursos, semellanzas e diferenzas en distintas épocas, o amor na actualidade, etc.).	5	10			X
8	Palabras con clase	Esta unidade está adicada ao estudo da palabra e ten como finalidade a identificación, definición e clasificación das palabras pola súa forma (determinantes, pronomes, substantivos, adxectivo, verbos, etc.), polos procedementos de formación (derivadas, compostas, etc.) e polos cambios de categoría (transcategorización), así como polas súas relacións semánticas (sinonimia, antonimia, ...) e o significado denotativo e conmutativo.	15	15	X	X	X
9	Ordena as palabras, ordena as túas ideas.	En esta unidade traballaríanse, para a súa identificación e análise, as relacións entre as palabras dende a perspectiva sintáctica: tipos de sintagmas e as súas funcións na oración, os constituíntes da oración (suxeito	30	30	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Ordena as palabras, ordena as túas ideas.	e predicado) e os tipos de oración simple (impersonais, pasivas, predicativas, etc.) e composta (substantiva, adxectiva e adverbial). A unidade terá tamén como finalidade a elaboración por parte do alumnado de textos segundo os criterios de cohesión e coherencia identificando cada unha das partes.	30	30	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Iguais na diferenza	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá identificar e explicar a orixe e o desenvolvemento histórico e sociolingüístico do galego e do castelán. Tamén terá que identificar os trazos dos dialectos do castelán, así como elaborar textos sobre as relacións do castelán coa lingua galega e con outras linguas do estado.	PE	90
CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da análise da diversidade lingüística na contorna social próxima e da exploración e reflexión próxima aos fenómenos do contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	O alumnado deberá valorar a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. Tamén será quen de explicar os fenómenos do contacto entre linguas.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar, como mínimo, os elementos verbais que resulten discriminatorios.	TI	10
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal coma educativo e social.	O alumnado deberá contar con estratexias de resolución de conflitos dende o respecto e a tolerancia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Análise da propia biografía lingüística propia e da diversidade lingüística do centro e mais da localidade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España. - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. - Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. - Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e mais da súa expresión nas leis e declaracións institucionais.

UD	Título da UD	Duración
2	Di o que pensas	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado fai unha presentación correcta, ordenada e coherente sobre un tema de actualidade.	PE	90
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado ten as estratexias suficientes para elaborar un texto de xeito ordenado e argumentado multimodal de certa extensión en función dos elementos da comunicación.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado elaborará un texto de xeito ordenado e argumentado sobre as intencións do emisor, a estrutura e a forma, o estilo e os recursos, facendo uso da metalinguaxe específica.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado elabora un traballo de tema específico de forma autónoma en diferentes soportes.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	O alumnado é capaz de revisar de forma autónoma para mellorar progresivamente a partir da reflexión sobre a lingua e do recoñecemento de erros.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abrangendo o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado pode solventar conflitos a través do diálogo para conseguir o consenso no ámbito persoal, educativo e social.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa de maneira adecuada en interaccións orais formais e informais, mantendo a normas básica de cortesía.	TI	10
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado organiza e integra a información recollida e a comunica de maneira creativa e amena.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

Contidos

- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
3	O teu turno de palabra	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende a estrutura e a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado valora a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, tendo en conta a súa información, a súa veracidade e a canle de transmisión.		
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado comprende e interpreta a estrutura e a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, analizando os diferentes propósitos de lectura.		
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado valora o contido e a forma de textos escritos de certa complexidade analizando a súa calidade, veracidade e procedementos lingüísticos empregados.	PE	95
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	O alumnado localiza, selecciona e contrasta de forma autónoma diferentes fontes comprobando a súa veracidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	O alumnado adopta hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais no referido a busca da información.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, as influencias no receptor		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado identifica os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, analizando os elementos lingüísticos, textuais e discursivos e os elementos non verbais da comunicación.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, redactando previamente borradores para presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora procedementos para enriquecer os textos nos aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado organiza a información e a integra en esquemas propios, reelabora e comunica de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando a propiedade intelectual.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado elabora traballos de investigación de maneira autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, seleccionando a información recollida máis relevante		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	O alumnado revisa os textos propios de maneira autónoma e pode facer propostas de mellora argumentando as mudanzas e corrixindo erros por medio da reflexión metalingüística empregando a metalinguaxe específica.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abranguendo o ámbito persoal, educativo e social.	O alumando utiliza estratexias para a resolución dialogada e consensuada dos conflitos no ámbito persoal, educativo e social.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza exposicións orais de certa extensión e complexidade de forma planificada sobre temas de interese persoal con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto. - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital. - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.

Contidos

- Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escolta activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
4	Os libros falan	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector)	PE	100
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.		
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado valora o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos e literarios empregados.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado le de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado comparte a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado explica e argumenta as obras lidas a partir da análise das relacións dos seus elementos formais co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado establece de maneira autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos, seguindo convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
5	Novas frescas na rede	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado é quen de valorar nos textos orais o seu grao de formalidade, a distancia social entre os interlocutores, a intención comunicativa e os principais elementos non verbais da comunicación.		
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado reconece a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios dos medios de comunicación.		
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado reconece os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos e identifica a expresión da subxectividade en textos dos medios de comunicación de carácter expositivo.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado identifica e soluciona algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado identifica as variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coa situación de comunicación e coa intención comunicativa.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado identifica os usos discriminatorios da linguaxe e as manipulacións interesadas nos textos dos medios de comunicación social.	PE	95
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza exposicións orais planificadas de certa extensión e complexidade sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado elabora textos coherentes e cohesionados, nos que terá en conta o grao de formalidade, o propósito comunicativo e a canle de comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora procedementos para enriquecer os textos segundo o tipo de discurso, na busca dun estilo propio, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado elabora traballos de investigación de maneira autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social seleccionando a información previamente.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	O alumnado revisa os textos propios de maneira autónoma e pode facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística empregando a metalinguaxe específica.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abranguendo o ámbito persoal, educativo e social.	Om alumnado utiliza estratexias para a resolución dialogada e consensuada dos conflitos no ámbito persoal, educativo e social.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora procedementos para enriquecer os textos escritos segundo o tipo de discurso, na busca dun estilo propio, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os textos escritos propios de maneira autónoma e pode facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística utilizando a metalinguaxe específica.		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, a influencia no receptor, utilizando os recursos da lingua e empregando a metalinguaxe específica.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado formula xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado identifica a información relevante, a intención comunicativa e comprende o sentido global dos textos orais e a relación entre as súas partes.	TI	5
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	O alumnado busca e selecciona información de textos propios dos medios de comunicación con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	O alumnado é consciente dos riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado é capaz de reorganizar a información e sintetizala en esquemas propios, de xeito que a comunique de maneira creativa respectando a propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
É necesario tamén favorecer a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, necesarias para a busca de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

A utilización dos medios audiovisuais e telemáticos

facilita a realización dun debate ou coloquio posterior que servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade; así mesmo, é un recurso importante para propiciar o traballo investigador ou de creación, a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados creativos e dos traballos de investigación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira semana do curso farase unha proba escrita de coñecementos previos que constará de dúas partes:

- 1ª PARTE: Proba de Ortografía e Gramática para valorar o grado de consecución de contidos mínimos curriculares da materia de 2º de ESO.

- 2ª PARTE: Proba de Comentario de texto para establecer a diversidade do grupo en comprensión lectora, expresión escrita e na identificación xenérica dun texto.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	10	5	20	5	15	30	100
Proba escrita	90	90	95	100	95	95	94	100	100	97
Táboa de indicadores	10	10	5	0	5	5	6	0	0	3

Criterios de cualificación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1.- CONSIDERACIÓNS XERAIS

Os obxectivos e as competencias establecidas para a 3º de ESO en función dos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración e respecto require dos criterios para calificar as destrezas e capacidades do alumnado de forma equitativa e coherente. Así, consideráanse avaliábeis os seguintes aspectos:

- A realización de tarefas, traballos, actividades e/ou proxectos que favorezan a consecución dos obxectivos de etapa e curso e as competencias básicas necesarias para entender e analizar os procesos culturais, sociais e históricos, desenvolver a capacidade de aprender a aprender, asumir as responsabilidades e a respectar ás normas establecidas.

- A realización de probas escritas e exposicións.

2.- Cada avaliación constará de:

a) Tres probas probas escritas

- Unha proba escrita de Lingua (de contidos referidos a reflexión sobre a lingua utilizando a metalinguaxe específica).

- Unha proba escrita de Literatura (de contidos referidos a obras, autores, características, recursos literarios e comentario de texto de fragmentos literarios).

- Unha proba escrita sobre a Lectura trimestral (de aspectos argumentais e técnicos sobre unha obra literaria).

b) Traballo diario na clase: caderno, tarefas, actividades, participación, competencias, adecuación ás normas de cortesía lingüística (avaliación segundo táboa de indicadores).

c) Traballos individuais ou en grupo: utilización da Aula virtual, exposicións audiovisuais, proxectos (avaliación segundo táboa de indicadores).

3.- SEGUIMIENTO

a) Ao longo do curso o alumnado estará informado do seu progreso no proceso de aprendizaxe (correccións das distintas probas escritas, participación na aula, corrección e revisión do caderno de clase e dos traballos e actividades).

b) A avaliación será continua, de forma que as avaliacións segunda e terceira incluirán contidos das anteriores.

3.- CUALIFICACIÓN

a) - A cualificación máxima do caderno será de 10 e ponderará o 10% da nota da avaliación.

- Tarefas resoltas correctamente 65%

- Presentación adecuada e

ordenada das tarefas 30%

- Presentación de todas as
tarefas dentro da data sinalada 5%

b) - Cualificación das probas escritas por
avaliación:

b.1) A proba escrita
de Lingua será sobre 10 e ponderará o 40% da nota da
avaliación.

b.2) A proba escrita
de Literatura será sobre 10 e ponderará o 40% da nota da
avaliación.

b.3) A proba escrita
da Lectura trimestral será sobre 1 e sumará 1 punto á
nota da avaliación.

c) - A cualificación de cada trimestre será
a suma das cualificacións do caderno e das probas
escritas, unha vez calculada a porcentaxe correspondente

4.- O alumnado superará a materia nun deste dous
supostos:

1º.- A avaliación é
positiva (igual ou superior a 5) en cada unha das tres
avaliacións.

2º.- Por avaliación
continua, a cualificación da terceira avaliación é igual ou
superior a 5.

5.- Criterios para determinar a cualificación final

1º.- No caso de ter
avaliación positiva en cada unha das tres avaliacións,

constará a nota media das tres avaliacións como nota final (aplicado o redondeo).

2º- No caso de superar a materia por avaliación continua

a) 1ª e 2ª avaliación non superadas: a nota final será a obtida na 3ª avaliación (sendo igual ou superior a 5)

b) 1ª e 3ª ou 2ª e 3ª avaliacións non superadas: a nota final será a obtida da media aritmética, sendo igual ou superior a 4,5 (sen incluír o redondeo)

3º- No caso de non superar a materia por avaliación continua (1ª, 2ª e 3ª avaliacións non superadas) a nota final será a nota media das tres avaliacións (máis o redondeo)

Criterios de recuperación:

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

a) En caso de avaliación negativa so da 1ª avaliación, o alumnado poderá recuperar os contidos superando positivamente a 2ª avaliación.

b) En caso de avaliación negativa da 1ª e 2ª avaliación, o alumnado poderá recuperar os contidos superando positivamente a 3ª avaliación (sendo a nota igual ou superior a 5).

c) En caso de avaliación negativa da 2ª e 3ª, o alumnado recuperará os contidos se a media aritmética das tres avaliacións é de máis de 4,50 (non incluído o redondeo).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas

RECUPERACIÓN E AVALACIÓN DA MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA PENDENTE

O profesorado encargado da materia de Lingua castelá e

Literatura de 3º ESO fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente, atendendo aos procedementos de recuperación propostos a continuación en función dunha serie de tarefas, exercicios e actividades e das probas escritas correspondentes.

A.- RECUPERACIÓN. Considérase a materia recuperada cando o alumnado cumpra con estes dous requisitos:

1º.- Avaliación positiva do caderno. O alumnado terá á súa disposición un caderno para a realización de actividades, tarefas e exercicios prácticos (do libro de texto ou propostos polo profesorado) en función dos contidos mínimos do currículo.

2º.- Avaliación positiva das probas escritas parciais. O alumnado coa materia pendente realizará unha proba escrita por avaliación. As datas destas probas serán consensuadas co alumnado, que recibirá tamén información dos contidos mínimos correspondentes.

B.- SEGUIMENTO.

1- A realización das actividades no caderno será quincenal, revisadas e correxidas polo profesorado encargado do seguimento.

2- O profesorado encaragado do seguimento informará ao alumnado dos contidos correspondentes das probas escritas por avaliación.

C.- AVALIACIÓN

a) - A cualificación máxima do caderno

será de 10 e ponderará o 25% da nota da avaliación.

- Tarefas resoltas correctamente65%
- Presentación adecuada e ordenada das tarefas30%
- Presentación de todas as tarefas dentro da data sinalada 5%

b) - A cualificación da proba escrita por avaliación será sobre 10 e ponderará o 75% da nota da avaliación.

c) - A cualificación de cada trimestre será a suma de ambas cualificacións (caderno e proba escrita), unha vez calculada a porcentaxe correspondente.

d) - A cualificación final obterase por media aritmética da suma das cualificacións das tres avaliacións, con aplicación do redondeo. Considerarase superada positivamente a materia pendente cando a cualificación media sexa superior a 5, e será a que conste como cualificación definitiva da materia pendente.

e) Proba escrita final. En caso de non ter acadada unha avaliación positiva da materia pendente polo anterior procedemento, o alumnado terá que realizar unha proba escrita no mes de xuño, facilitándolle a información dos contidos da materia pendentes dos que se ten que avaliar.

e.1) A cualificación final desta proba será sobre 10, e será a que conste como cualificación definitiva da materia pendente.

e.2) A data desta proba será fixada

pola Xefatura de Estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CONSIDERACIÓNS XERAIS

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O obxectivo da lei é que todo o alumnado participe no proceso de aprendizaxe e que acade os obxectivos que correspondan á súa capacidade e interese. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todo o alumnado para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade é o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, respecto, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa, o que supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas das persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este

principio establece que independentemente da condición persoal do alumnado, teña a súa disposición na súa contorna educativa as condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todo o alumnado.

Neste sentido, faise preciso establecer unha metodoloxía que permita ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes aspectos:

- Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

- Diversidade de tarefas, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes que faciliten o seu desenvolvemento individual e autónomo.

- Deseño de programas de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de acadar os obxectivos da etapa.

- Realización de proxectos, tarefas, ou traballos cos que ao mesmo tempo que aprende se reforza a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Este tipo de actividades (tanto individuais como en grupo) fai que o alumnado aprenda a regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais, así como a reflexión sobre as propias ideas, o pensamento crítico, o respecto por outras

opinións, a aceptación de outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Tamén contribúen á resolución de problemas e conflitos en colaboración, á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento e a utilizar o razoamento crítico para entender e analizar os procesos culturais, sociais e históricos.

A gradación da aprendizaxe dos contidos e o desenvolvemento das capacidades deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo paulatinamente habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a avaliación dos traballos, tarefas, actividades e probas escritas terase en conta tamén a capacidade, o esforzo e o grao de autonomía do alumnado durante cada trimestre.

As distintas tarefas, actividades e probas escritas serán revisadas individualmente polo profesorado para constatar o grao de mellora e autonomía do alumnado, explicar os erros e a súa capacidade de autocorrección e rectificación.

MEDIDAS DE REFORZO E APOIO

Para o alumnado con dificultades no proceso de aprendizaxe (trastornos, falta de motivación, baixo nivel económico) prevense determinadas actuacións atendendo as súas necesidades e particularidades. Para isto é

necesario adoptar medidas de apoio e reforzo para acadar os obxectivos previstos nesta programación, mellorar a calidade da educación e garantir un ensino universal.

ALUMNADO CON REFORZO

Para o alumando con dificultades de aprendizaxe, o profesorado encargado poderá poñer en práctica os seguintes mecanismos de reforzo na aula:

- Acceso ao material escolar (caderno, libro de texto, dispositivos electrónicos, fotocopias, etc.) en caso de ter dificultades para a súa adquisición.

- Combinación de periodos curtos de atención con exercicios prácticos.

- Explicación do máis relevante e significativo dos contidos.

- Técnicas de traballo individual: lectura comprensiva e subrayado, resumo, produción de esquemas e mapas conceptuais.

- Combinación de diferentes formatos e tipos de actividades.

- Realización de actividades máis breves con exercicios máis concretos.

- Conceder máis tempo para a realización das actividades, tarefas, traballos, anotacións e probas escritas.

ALUMNADO CON APOIO

ALUMNADO CON TDAH

- As medidas establecidas para

prestar apoio educativo ao alumnado con TDHA faranse:

a) De acordo coas recomendacións do “Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario”, Seguindo as indicacións do Equipo de Orientación en colaboración co profesorado encargado do curso ou

c) Realizando de actividades de apoio dentro e/ou fóra da aula con PT

ALUMNADO CON DIFICULTADES DE LECTO-ESCRITURA

- As medidas establecidas para prestar apoio educativo ao alumnado con dificultades de lecto-escritura faranse:

a) De acordo coas recomendacións das “Orientacións e respostas educativas. Alumnado con trastornos da aprendizaxe”

b) As indicacións do Equipo de Orientación en colaboración co profesorado encargado do curso ou

c) Realizando de actividades de apoio dentro e/ou fóra da aula co PT para fomentar e consolidar os seguintes aspectos:

- Ortografía: Realización de actividades e exercicios prácticos

- Velocidade e comprensión lectoras: lectura de textos e actividades diversas de comprensión

- Producción de textos

escritos con criterios de adecuación e coherencia, aplicando mecanismos de composición previamente adquiridos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación cívica e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Liberdade de expresión	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X
ET.2 - Educación cívica e en valores	X
ET.3 - Formación estética	X
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes	X
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X
ET.6 - Liberdade de expresión	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X

Observacións:

CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

1.- Ademais dos contidos específicos da materia de Lingua castelá e Literatura no referente a competencia lingüística, tamén serán tidos en conta, á hora de impartir a materia, as competencias clave: matemática e tecnolóxica, comunicación audiovisual e dixital, aprender a aprender, fomento do espírito crítico e científico, a formación e expresión estética e a educación e en valores.

2.- A acción educativa debe fomentar de maneira transversal os seguintes valores:

a igualdade de xénero

a non discriminación por calquera condición

a resolución pacífica de conflitos

a educación para a saúde e o consumo responsable

o respecto mutuo

a liberdade e os dereitos humanos

o rexeitamento de calquera tipo de violencia e os comportamentos e contidos sexistas

a protección do medio ambiente e

a prevención e protección do alumnado ante situacións de risco no uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros de escritura creativa	Actividade pensada para fomentar a composición literaria (conto, relato corto, novela corta, guións) como medio de expresión creativa e artística.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas e coloquios con autoras/-es	Con esta actividade, o alumnado pode coñecer as/aos autoras/-es persoalmente, descubrir como é o proceso creativo, coñecer as súas propias inquiredanzas, as súas motivacións para escribir, os seus gustos literarios, etc.	X	X	X
Celebración do Día do Libro e o Día das Letras Galegas	En colaboración co Departamento de Lingua galega e a Biblioteca, o alumnado participará nas diferentes actividades organizadas para ámbolos dous días. Trátase de fomentar así a lectura como placer e de valorar a literatura tanto galega como castelán como parte do patrimonio cultural e artístico.			X
Participación no Clube de Lectura do Centro	Actividade programada en colaboración coa Biblioteca para impulsar e consolidar o gusto pola lectura. Con esta actividade foméntase a expresión oral, o debate, o espírito crítico e a observación analítica e permite introducir temas transversais realacionados coa xenofobia, a homofobia, a diversidade ou a violencia de xénero.	X	X	X
Creación dunha Biblioteca de aula	Esta actividade permite que o alumnado teña maior acceso a lectura, tanto ás propias do currículo como ás propostas polo Clube de lectura. Por outra banda, tamén esta pensada para facilitar o acceso á lectura ao alumnado con dificultades económicas.		X	X
Obradoiro de poesía	Actividade complementaria ao Obradoiro de escritura para que o alumnado descubra a poesía como medio artístico para expresar os seus sentimentos, reflexións, motivacións ou gustos.	X	X	X
Elaboración de vídeos (tik-tok, instagram, booktráilers, blog,twit)	Actividade relacionada co Clube de lectura e a Lectura trimestral, coa que se pretende que o alumnado utilice as TIC seguindo modelos de outras artes como o cine en redes sociais (twit, blog, Instagram ou Tik-tok).	X	X	X
Creación dun Clube de cine	Outro medio para achegar a literatura, a arte e a cultura ao alumnado é o cine, tanto polas versións e adaptacións de grandes obras literarias, como pola súa propia condición de obra artística. Ao mesmo tempo, facilita o debate e o intercambio de opinións, potenciando así a expresión oral, o discurso argumentativo e o espírito crítico.		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presentación dun cadro sinóptico ou mapa conceptual dos contidos
Aplicación da metodoloxía didáctica establecida na programación.

Aplicar os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Metodoloxía empregada
Introducción sobre o tema e actividades propostas
Empregaranse recursos e materiais didácticos variados (impresos, fotocopias, medios dixitais e audiovisuais de carácter educativo e libro de texto)
Explicación e corrección na aula e na Aula Virtual das actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Información ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Uso de estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción e uso de dicionarios e manuais.
Emprego dos materiais e recursos didácticos programados.
Implantación dos instrumentos de avaliación (probos escritas, traballos individuais e/ou en grupo, exposicións orais, redaccións e/ou actividades do libro de texto)
Medidas de atención á diversidade
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica están vinculados ao seus intereses e necesidades para favorecer a construción progresiva e autónoma das novas aprendizaxes.
Aplicación das medidas de atención á diversidade necesarias ao alumnado que o requira.
Aplicación de medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.
Aplicación dos procedementos e das actividades de reforzo de recuperación para o alumnado que non acade de maneira significativa os obxectivos propostos ou coa materia pendente do curso anterior.
Aplicación das medidas para estimular o hábito lector.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realización das actividades complementarias programadas.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- Xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- Concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e

obxectivos propostos.

- Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- Inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución dos obxectivos de etapa e curso.
- Creación dun clima de empatía, confianza, respecto mutuo e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

1º.- Esta programación didáctica de Lingua Castelá e Literatura de 3º ESO estará á disposición da comunidade educativa do centro. A comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios de cualificación, procedementos de avaliación e recuperación e o material didáctico.

2º.- A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

3º.- A avaliación da programación realizouse a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.

- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.

- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.

- As actividades adáptanse á metodoloxía didáctica programada.

- A programación didáctica:

1.- Presenta os recursos e os materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.

2.- Organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.

3.- Inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.

4.- Poderá ser revisada ao longo do curso e inclúense

nela as modificacións pactadas e realizadas.

5.- Adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

4º.- Realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final de cada unidade, o número de sesións adicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

5º.- Segundo os obxectivos acadados en cada unidade nas distintas avaliacións ao longo do curso, estableceranse as modificacións que fosen necesarias para conseguir mellorar os resultados para os seguintes cursos. Estas modificacións, no seu caso, quedarán reflectidas na memoria do Departamento de Lingua castelá e Literatura.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua estranxeira - Inglés	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	35
4.2. Materiais e recursos didácticos	36
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	36
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	36
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	38
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	40
7.2. Actividades complementarias	41
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	41
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	41
9. Outros apartados	42

1. Introducción

A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 3º ESO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade tamén procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

O alumnado, ademais, con esta materia poderá desenvolverse mellor nas contornas dixitais, xa que estas ferramentas aproveitaranse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación da lingua e cultura inglesa. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación.

Por outra banda, aquí, o profesorado atopará un protocolo específico para abordar con eficacia e seguridade as diferentes circunstancias que poden xurdir ao longo dun curso e, ao mesmo tempo, flexible para permitir o uso da súa creatividade e a improvisación necesaria para adaptarse á grande diversidade das aulas.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5	3-4		2
OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1	1-2	1	2	5		1-3	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	1-5	1-2	1	2-3	3	3		
OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	1-2-5	1-2-3	1		1-3-5			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.	1	1-2-3	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	1-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Starter	Repaso de conceptos vistos en cursos pasados. Avaliación inicial.	5	12	X		
2	Entertain us	Interacción acerca de gustos e preferencias; cine, TV, streaming e música.	5	12	X		
3	It's a crime	Ciberseguridade. Descrición activa de fotografías.	10	15	X		
4	Follow the rules	Bullying. Comprensión e creación de normas. Elaboración dun e-mail informal.	10	12		X	
5	Getting along	Amizade e emocións. Presentación dun power point.	10	12		X	
6	The senses	Expresión da opinión. Pros e cons sobre un tema no que pode haber controversia.	10	12		X	
7	Creativity	A importancia da promoción da creatividade. Fincapé na descrición de vocabulario con actividades tipo "Tabú". Posible realización dunha actividade baseada nunha serie de entrevistas a peregrinos.	20	15			X
8	Making a difference / Tell the truth	Expresión da condición e a hipótese. Repaso dos conceptos estudados durante o curso. Preparación das actividades a realizar nas últimas dúas semanas de curso.	30	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Starter	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer o sentido global e as ideas principais de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, expresados de forma clara e na lingua estándar.	PE	100
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar de forma guiada o contido de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Seleccionar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, e a información esencial dos textos, buscando información veraz.		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público evitando o plaxio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas mostrando respecto.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.		
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, con apoios físicos ou dixitais		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando con axuda, as estratexias básicas para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións

Contidos

- temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	Entertain us	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer o sentido global e as ideas principais de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, expresados de forma clara e na lingua estándar.	PE	25
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar de forma guiada o contido de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Seleccionar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, e a información esencial dos textos, buscando información veraz.	TI	75
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público evitando o plaxio.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas mostrando respecto.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.		
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
Instrumentos de avaliación: Exercicios de resposta aberta, sinónimos, verdadeiro ou falso, opinión crítica, etc.
5. Comprensión auditiva: 10 %
Instrumentos de avaliación: exercicios de ocos, verdadeiro e falso, resposta aberta, etc.
6. Actitude e reflexión sobre a aprendizaxe: 10 %
Instrumentos de avaliación: realización de actividades na clase e na casa, mostrar disposición positiva cara a aprendizaxe, reflexión acerca do traballo feito e por facer, traballos voluntarios, participación activa na clase etc...

NOTA IMPORTANTE: na segunda avaliación o alumnado lerá un libro sobre o cal se traballará na clase. Haberá tamén unha proba escrita, que ponderará o 10 %. Para acomodar dita ponderación, a comprensión lectora valerá un 15 % e a destreza gramatical e vocabulario valerá un 25 %.

A cualificación final obterase calculando a media dos dous últimos exames. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

A ausencia non debidamente xustificada a un exame suporá un 1 no exame e o alumno /a non terá dereito á realización dunha nova proba.

USO DE MÉTODOS FRAUDULENTOS DURANTE A REALIZACIÓN DE EXAMES.

A utilización do alumnado de calquera tipo de recurso ilícito durante un exame de fin de trimestre ou fin de curso suporá o suspenso na materia. A súa cualificación será de 1 e o alumno/a non terá dereito a facer outra proba alternativa para recuperar a materia. Por medios ilícitos hai que entender o uso de calquera dispositivo de

comunicación co exterior ou que conecte con internet ou cunha intelixencia artificial, o uso de apuntes, libros ou "chuletas" e calquera outro recurso que lle otorgue o alumnado unha ventaxa sobre o resto de compañeiros durante a realización do exame.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

A cualificación conformarase coa seguinte ponderación:

1. Destreza gramatical e coñecemento do vocabulario: 35%

Instrumentos de avaliación: preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta. Traducións.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 25%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guías de corrección.

4. Comprensión lectora: 30%

Instrumentos de avaliación: Exercicios de resposta aberta, sinónimos, verdadeiro ou falso, opinión crítica, etc.

5. Comprensión auditiva: 10 %

Instrumentos de avaliación: exercicios de ocos, verdadeiro e falso, resposta aberta, etc.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os dous primeiros trimestres, baseado na realización de boletíns nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

Finalmente, unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na terceira avaliación, terá a oportunidade de superar a materia pendente na proba ordinaria de xuño, realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

A cualificación conformarase coa seguinte ponderación:

1. Destreza gramatical e coñecemento do vocabulario: 35%

Instrumentos de avaliación: preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta. Traducións.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 25%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guías de corrección.

4. Comprensión lectora: 30%

Instrumentos de avaliación: Exercicios de resposta aberta, sinónimos, verdadeiro ou falso, opinión crítica, etc.

5. Comprensión auditiva: 10 %

Instrumentos de avaliación: exercicios de ocós, verdadeiro e falso, resposta aberta, etc.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán algunhas das seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.			X					
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X					X		
ET.6 - A igualdade de xénero.				X				
ET.7 - A creatividade.	X	X		X				X
ET.8 - A educación para a saúde	X							
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.					X			
ET.11 - O emprendemento social e empresarial					X	X		X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico				X		X		

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º Trimestre: Sesión de teatro ou cinema en inglés	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Reflexión acerca da práctica docente

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o

ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	36

1. Introducción

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 3º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa novidade do achegamento á historia da literatura galega. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e, pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura, «Antre dous séculos».

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués, especialmente este último.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 3º de ESO está articulada arredor de nove unidades didácticas cuxos títulos dan conta de cancións galegas agás no caso da unidade 7 dedicada á publicidade onde a referencia é un anuncio. As devanditas unidades están articuladas segundo a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Convén sinalar que cada unidade comeza cun vídeo dunha canción agás no caso da unidade da publicidade que comeza co vídeo dun anuncio na busca de partir sempre de exemplos de oralidade. Á hora de nos achegar a calquera temática, será esta, a da oralidade, a liña fundamental de traballo para conseguir falantes que dominen con fluidez a nosa lingua. Do mesmo xeito estas cancións en varios dos casos xa nos darán pé para tratar os diferentes contidos transversais.

En cada un dos trimestres, o alumnado desenvolverá un proxecto centrado nunha parte diferente da materia:

No primeiro trimestre o proxecto céntrase no bloque «As linguas e os seus falantes», baixo a denominación «Que conta nas linguas?» levarán a cabo un traballo de campo e logo de análise da valoración social das diferentes linguas do noso contexto no instituto e na súa contorna con especial atención ao galego.

O segundo trimestre o proxecto coa denominación «Nós somos a referencia real» céntrase no bloque de «Educación literaria» a partir do estudo da obra rosaliana e tamén da análise das características definitorias da adolescencia na actualidade. O alumnado deste xeito convértese así en autor e obxecto da creación literaria que terán como acto final recitais poéticos dirixidos ao resto do alumnado no Día de Rosalía.

Na unidade 9 elaboraremos o proxecto nº 3 que leva por título «Camiños de mellora» centrado no bloque «Comunicación» dedicado aos textos orais e escritos de carácter xornalístico, concretamente á reportaxe de temática social e que dará lugar a unha revista de reportaxes multimodais e a unha canle ou serie de podcast.

Nesta unidade inclúese tamén a celebración da Semana das Letras Galegas, dedicada a Luísa Villalta, unha persoa que salientou polo traballo poético e teatral, así como figura importante no movemento de achegamento ao portugués a tarvés do reintegracionismo.

A esollha das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles aplican á ducia de obras que se len ao longo da etapa:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.
- A inclusión de autoras e autores con obra salientable de xeito que non se repita ningún.
- A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).
- A non repetición de temas.
- E a presenza de todos os xéneros ao longo da etapa: narrativa, poesía, teatro, ensaio divulgativo e cómic.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cantos na maré	<p>Na unidade 1 principiámos o curso coa avaliación inicial. Unha vez realizada esta, faremos un repaso rápido da gramática e ortografía que deberían ter adquirido nos cursos anteriores para non dar por feito o seu coñecemento. Propoñemos como primeiro obxectivo analizar a realidade da lingua en tanto que fenómeno oral do que participa toda a poboación en calquera cultura e achegámonos á lingua escrita como principal sistema substitutivo. Iniciaremos deseguido o estudo do desenvolvemento histórico social de galego e portugués. Facilitaremos a comprensión da progresión cronolóxica cun cadro da historia da lingua e da literatura galega. Aproveitaremos para ver o panorama dos sistemas literarios actuais. E iniciáremos na literatura medieval a través da cantiga de amigo. Buscamos un enfoque centrado no estudo da lingua como un patrimonio común que se vai manter ao longo do curso académico coa inserción de recursos en portugués.</p>	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Unha mañá de setembro	<p>Tras o estudo do desenvolvemento histórico social de galego e portugués, xa estaremos en condicións de realizar unha panorámica por toda a literatura medieval. Procuraremos que a literatura sexa entendida como unha forma de divertimento do mesmo xeito que é hoxe. Centrarémonos na lírica amorosa e satírica (recoñecemento das características temáticas e formais da cantiga medieval, relación coas cancións actuais) e na súa evolución.</p> <p>Dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura, polo que buscaremos que o alumnado, ademais de facer unha lectura atenta, sexa quen de que realizar unha análise crítica daquilo que le e de relacionalo tanto cos seus coñecementos sociolingüísticos como coa súa propia experiencia.</p> <p>Para a avaliación utilizaremos a proba escrita nun 60% (para realizar análises literarias e identificar unidades lingüísticas e funcións) e a táboa de indicadores ou rúbrica nun 40% (para o traballo sobre o libro de contido sociolingüístico de lectura obrigatoria).</p>	10	11	X		
3	Terra	<p>Dedicaremos a unidade 3 á elaboración do proxecto nº 1 do curso sobre a análise da valoración social das linguas no instituto e a súa contorna con especial atención ao galego.</p> <p>Esta investigación terá como froito dous produtos: unha exposición oral do proceso de investigación e das súas conclusións e unha produción escrita.</p> <p>Podemos sinalar 4 obxectivos para o alumnado no desenvolvemento deste proxecto.</p> <p>1º A reflexión sociolingüística sobre a valoración das linguas na súa contorna con especial atención aos prexuízos lingüísticos.</p> <p>2º A aprendizaxe da metodoloxía da realización dunha investigación sociolingüística de campo.</p> <p>3º A consolidación da metodoloxía da presentación por escrito dun traballo de investigación.</p> <p>4º O perfeccionamento das técnicas de exposición oral de carácter culto.</p>	15	14	X		
4	Que din os rumorosos	<p>Coa unidade 4 comezaremos o segundo trimestre achegándonos ao desenvolvemento social e cultural do Galego Medio. Dentro desta etapa</p>	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Que din os rumorosos	<p>centrarémonos primeiro no Renacemento e Barroco, con figuras como Diogo Bernardes, Isabel de Castro ou Pedro Vázquez de Neira. Ao mesmo tempo aproveitaremos para traballar as tipoloxías textuais de esquema, resumo e mapa conceptual.</p> <p>Ao estudo do léxico achegarémonos por dous camiños, dunha banda aprendendo a facer definicións e doutra banda creando constelacións léxicas mediante a utilización da afixación.</p>	10	8		X	
5	A xustiza pola man	<p>Na quinta unidade, continuaremos coa evolución literaria a través das figuras máis relevantes da Ilustración: o Padre Feixoo e o Padre Sarmiento. Da mesma maneira, trataremos outras autoras de grande importancia no seu momento: María Francisca Isla e Losada, o Cura de Fruíme e Xosé Cornide Saavedra.</p> <p>Aprenderemos diferentes estratexias para mellorar os textos centrándonos especialmente na precisión léxica, na ortografía e nas construcións de infinitivo persoal.</p> <p>Por último dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura, coa que buscaremos que o alumnado, ademais de facer unha lectura atenta, sexa quen de que realizar unha análise crítica daquilo que le e de relacionalo tanto cos seus coñecementos literarios como coa súa propia experiencia.</p>	10	12		X	
6	Somos legiom	<p>Dedicaremos a unidade 6 á elaboración do proxecto nº 2 do curso neste caso dedicado á creación literaria a partir do estudo da obra rosaliana e tamén da análise das características definatorias da adolescencia na actualidade. O alumnado convértese así en autor e obxecto da creación literaria. Este traballo terá como froito dous produtos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - unha creación poética multimodal na que se integren 3 textos poéticos. - un acto poético colectivo para as aulas do centro no Día de Rosalía. <p>Podemos sinalar 3 obxectivos para o alumnado no desenvolvemento deste proxecto.</p> <p>1º A creación de tres textos poéticos multimodais orixinais.</p> <p>2º O desenvolvemento de técnicas de recitado poético para un público.</p> <p>3º A integración da obra rosaliana na súa propia proposta poética, de cara ao estudo posterior.</p>	10	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A festa de todas as festas	<p>A unidade 7 céntrase no Bloque 2 `Comunicación e, dentro del, concretamente no mundo dos medios de comunicación e na publicidade. Por tal motivo, estudaremos o Prerrexurdimento, con atención ás figuras que fixeron labor comunicacional: Antolín Faraldo, Añón e Pintos. E no Rexurdimento con Lamas Carvajal.</p> <p>Búscase que o alumnado se enfrente á textualidade multimodal dos medios de comunicación, e saiba descodificala e identificar a calidade e fiabilidade da información que ofrecen, localizando o sentido e a intencionalidade así como a presenza de posibles manipulacións. Tamén é importante que realicen unha reflexión coherente sobre esta cuestión na procura dunha cidadanía consciente e crítica.</p> <p>Dedicaremos a segunda parte á publicidade como exemplo máis presente tanto nos medios de comunicación tradicionais como nas RS. Para isto cada alumna ou alumno deberá analizar tres anuncios da súa escola (un institucional, un destinado á mocidade e un con usos discriminatorios) nunha exposición.</p>	10	9			X
8	O maio	<p>A oitava unidade é a da discrepancia, coa que o alumnado aprenderá que a liberdade de expresión é un dereito fundamental e que pensar diferente é unha mostra completamente lexítima de quen somos. É por iso que aprenderán a discrepar ou queixarse de maneira empática e construtiva.</p> <p>As figuras do Rexurdimento, Curros e Pondal supoñen discrepancia no seu contexto. Achegarémonos a eles a través das súas composicións máis coñecidas para logo ver tamén outros exemplos da literatura de reivindicación cívica en galego en que influíron.</p> <p>Por último dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura, coa que buscaremos que o alumnado, ademais de facer unha lectura atenta, sexa quen de realizar unha análise crítica daquilo que le e de relacionalo tanto cos seus coñecementos literarios como coa súa propia experiencia.</p>	10	8			X
9	Voa o aire	<p>Na unidade 9 elaboraremos o proxecto nº 3 do curso dedicado aos textos orais e escritos de carácter xornalístico, concretamente á reportaxe de temática</p>	15	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Voa o aire	<p>social. A autora de temática máis social é Rosalía de Castro. Analizaremos a súa transcendencia literaria e social na nosa cultura e noutras autoras: Filomena Dato e Francisca Herrera Garrido.</p> <p>Esta investigación terá como froito unha revista coas reportaxes multimodais realizadas polo alumnado.</p> <p>Os obxectivos para o alumnado neste proxecto son:</p> <p>1º O estudo da presenza das temáticas sociais nos medios de comunicación.</p> <p>2º A elaboración dunha reportaxe multimodal.</p> <p>3º O perfeccionamento da interacción de carácter oral en contextos formais.</p> <p>4º O traballo cooperativo nun proxecto de aprendizaxe de servizo que denuncia inxustizas sociais e/ou pon en valor persoas e colectivos que melloran a nosa sociedade.</p> <p>Nesta unidade inclúese tamén a celebración da Semana das Letras Galegas, dedicada a Luísa Villalta.</p>	15	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cantos na maré	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado, como mínimo, sabe explicar a historia da nosa lingua, a parte diferencial da historia da lingua portuguesa, identifica en textos as diferenzas entre ambas linguas e coñece léxico básico portugués.	PE	100
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	O alumnado, como mínimo, identifica nun texto as características máis básicas dun texto en catalán.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo sabe explicar as características que diferencian a lingua oral e a lingua escrita valéndose de exemplificacións propias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, realiza buscas avanzadas no dicionario da lingua dunha maneira correcta para responder a necesidades lingüísticas concretas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Unha mañá de setembro	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, pon en relación unha cantiga coa literatura da época, coa evolución do xénero e coa arte actual dunha maneira satisfactoria.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, identifica nun texto as diferentes unidades lingüísticas e as funcións que as constitúen.	PE	50
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, localiza e explica a funcionalidade dos recursos formais nunha cantiga medieval.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza tras a lectura íntegra dunha obra literaria de temática sociolingüística, unha análise apropiada da obra relacionándoa cos fenómenos de linguas en contacto.	TI	50
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza nunha cantiga medieval a finalidade, a temática, as personaxes, o xénero e subxénero de maneira satisfactoria.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión) - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Terra	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado no traballo de investigación, como mínimo, identifica e cuestiona os prexuízos e estereotipos lingüísticos con actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado, como mínimo, entrega o traballo de investigación nº 1 sobre a apreciación das linguas na súa contorna en formato dixital respectando os requisitos formais e de contido indicados previamente.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, entrega o traballo de investigación en formato dixital respectando a coherencia, cohesión e adecuación textuais, co corrector pasado e sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, palabras unidas, faltas de espazos...).	TI	100
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado expón oralmente a investigación nº 1, como mínimo, en rexistro culto, con fluidez, coherencia e cohesión, con uso correcto dos elementos non verbais e con contido apropiado e de interese.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado debe na súa exposición oral, como mínimo, utilizar de maneira correcta todo o paradigma verbal atendendo especialmente ao emprego axeitado do infinitivo persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade.
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.
- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
4	Que din os rumorosos	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo recoñece os diferentes afixos para a mudanza de categoría e o seu significado e crea constelacións léxicas dunha palabra mediante a utilización de afixos.	PE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, realiza e explica un esquema, un resumo e un mapa conceptual a partir dun texto dado e define algúns dos termos aparecidos nel.	TI	80
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, como mínimo, utiliza nunha explicación oral mecanismos de referencia interna de carácter léxico por nominalización e hiperonimia abstracta.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, xustifica a presenza dos Séculos Escuros na nosa historia cultural e comprende e analiza un texto pondaliano.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.

UD	Título da UD	Duración
7	Que é a moral católica dos medios de comunicación social?	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Coñece as razóns, xestos e costumes de acollida e hospitalidade das diferentes tradicións relixiosas ou culturais	PE	30
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Identifica a misión universal da Igrexa, respectando a diversidade cultural, como mandato de Xesús e descobre que o "Pobo de Deus" non se identifica cunha pertenza racial, cultural o identitaria		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Reflexiona sobre a perspectiva do corazón e dos talentos á hora de ir configurando un proxecto vital	TI	70
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Comprende que a acollida e a hospitalidade son expresión do recoñecemento á dignidade humana		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Recoñece na tradición bíblica o carácter sacro da acollida e a hospitalidade fundamentado no ser dun Deus que acolle especialmente aos máis desfavorecidos		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Pon en diálogo as contribucións das ciencias naturais e o desenvolvemento sustentable coa tradición bíblica e a ecoloxía integral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático. - A esperanza cristiá e a santidad.

UD	Título da UD	Duración
8	Que aporta a fe cristiá á humanidade e á súa cultura?	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Favorecer a convivencia social en contextos plurais, respectando as opcións persoais e xerando espazos de diálogo e encontro.	Recoñece achegas culturais de inspiración cristiá na que se expresa e materializa a admiración e o coidado da natureza	PE	30
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Entende o ecumenismo como un movemento que busca a unidade de todas as ramas do cristianismo e coñece experiencias de diálogo interreligioso		
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Recoñece o valor do acompañamento no proceso de decisión do proxecto persoal	TI	70
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Considera a importancia de buscar a unidade por encima das diferenzas e o sentido cristián da compaixón e o perdón.		
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Valora o voluntariado como expresión do compromiso coas necesidades dos máis vulnerables		
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Coñece iniciativas sociais e eclesiais que contribúen a tecer redes de coidados		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Expresa, utilizando linguaxe audiovisual, o valor da unidade		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Profunda na misión da Igrexa e a súa achega á sociedade. Identifica a caridade e o coidado mutuo, como nota distintiva da Igrexa e aprecia o valor da comunidade cristiá e as súas celebracións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.

Contidos

- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.
- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.
- Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais.
- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo.
- A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural.
- Valor das prácticas espirituais do monacato, a mística e a devoción popular.
- Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes.
- Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta.
- Actitudes e destrezas de diálogo ecuménico e interrelixioso con pleno respecto ás conviccións propias e as dos outros.
- O compromiso das relixións na construción da paz e a superación da violencia e os fundamentalismos.
- A esperanza cristiá e a santidad.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias crave do Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese dos alumnos e alumnas, permítalles construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe representan una ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes paia resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas cuxa resolución leve a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o apreso en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño universal para a aprendizaxe, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supor a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propor tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción

verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendimento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propor accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe. A materia de Relixión Católica confire una insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos a seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversos linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia.

As orientacións metodolóxicas e cara a avaliación programadas harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro do alumno. Relixión Católica 3º de ESO. Novo Encontro. Editorial Anaya.
Recursos interactivos da editorial Anaya.

O libro de texto segue un proxecto global pensado para que todos os alumnos aprendan, desenvolvan as súas competencias e transfiran ás aprendizaxes á súa vida. Conta cunha contorna virtual de aprendizaxe que facilita a relación entre alumnos e profesor e favorece un modo de aprendizaxe máis eficaz.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao ser a Relixión unha materia de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumno, estes poden acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é necesario que acrediten coñecementos previos. Con todo, tomarase información dos coñecementos do alumnado, ao comezo do curso, a través dun cuestionario de xeito informal con algun instrumento de gamificación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	10	10	15	10	10	15	10	100
Proba escrita	30	30	30	30	30	30	30	30	30
Táboa de indicadores	70	70	70	70	70	70	70	70	70

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación calcularase da seguinte forma:

50% corresponderá a unha proba escrita sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación.

O restante 50% repartirase do seguinte xeito:

30% corresponderá ao traballo, tanto individual como en grupos, realizado polo alumno e será medido a través de rexistros de control

10% corresponderá a actitude ante a aprendizaxe que valorará a participación na aula e a implicación na materia

10% corresponderá ao caderno de clase que deberá estar completo e correxido.

No boletín a nota reflíctese cun número enteiro polo tanto se a nota supera as 5 décimas, redondearase ao número enteiro superior e no caso de que non chegue ás 5 décimas, o redondeo será ao enteiro inferior.

A avaliación será aprobada cun 5 despois do redondeo

A nota da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das notas reais (sen redondeo) das tres avaliacións que suporá o 100%

Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación dos alumnos é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumno se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos.

No caso de que a media das tres avaliacións non acadase a nota de 5 despois do redondeo programarase traballo de recuperación encamiñado a que o alumno supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada e reflectirase na nova nota de avaliación que á súa vez fará media para a nota da avaliación ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que haxa alumnos coa materia pendente, elaborárase un plan de reforzo segundo o establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. O plan será personalizado e consistirá nun caderniño que o alumno deberá ir contestando ao longo do curso. As respostas revisaranse con frecuencia para detectar os posibles problemas e realizar os axustes necesarios. E a nota será a que corresponda tendo en conta que o caderniño avaliarase sobre 10 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivos e interculturais. Foméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para

todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é una necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade dos alumnos como principio e non como una medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Nos materiais do curso inclúese propostas de atención á diversidade para todos os contidos.

En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, Elaborarase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade de género	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Respecto mutuo e colaboración entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinariedad e o traballo por ámbitos.

Nos propios saberes recóllese a relación de con outras disciplinas especialmente Lingua, Historia, Xeografía, Educación Plástica e Visual, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Nadal Solidario	Animar ao alumnado a que participe na compra de alimentos para o Banco de alimentos.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Programación
Planificación da situación de aprendizaxe
Avaliación

Descrición:

Se a programación se axusta ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

A estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais, planificouse a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias, sies adecuada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

Se reflexionei e avaliei o meu labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía...) cando foi necesario, se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (observación, probas escritas ou orais...), se tiveren en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens. Como o departamento é unipersonal e non teño que coordinarme con outros profesores, farase ao remate de cada UD completando os datos que aparecen na aplicación. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico no que estaremos máis familiarizados coa aplicación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	29
6. Medidas de atención á diversidade	30
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	35

1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e á análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do seu devir, a través do tempo e do espazo, e a análise do cambio como froito da acción humana implican concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea, á participación e ao compromiso social. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades, exercer a cidadanía e orientar o seu comportamento cívico, cuestións estas de especial importancia nunha etapa educativa en que o alumnado adolescente precisa de experiencias formativas que lle permitan construír o seu criterio, a súa identidade e a súa autonomía para desenvolverse na súa contorna social. Esta complexa transición prodúcese da etapa de educación primaria á de educación secundaria obrigatoria e, no noso ámbito, implica poñerse en contacto cunha sociedade complexa que lle formula dilemas e na cal o alumnado debe aprender a tomar decisións informadas. A toma de conciencia dos desafíos a que nos enfrontamos na actualidade, así como a valoración crítica das respostas que, ao longo da historia, se lles deron aos retos e problemas que se foron sucedendo, dispoñen a mocidade en situación de actuar xa no presente para garantir a sustentabilidade do planeta e o benestar da humanidade no futuro.

Aínda que se vincula e continúa co proceso de desenvolvemento competencial da área de Ciencias Sociais da educación primaria, a atención particular que se concede agora tanto á Xeografía como á Historia queda xustificada polo seu acusado carácter comprensivo, global e integrador e pola súa conexión con outras ciencias sociais, o que permite contribuír ao logro dos obxectivos e competencias que marcan o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Os obxectivos da materia confírenlle un perfil pertinente no desenvolvemento de dimensións fundamentais da aprendizaxe, como son o traballo sobre a información e as súas fontes a través de recursos variados, incluídos os dixitais; a contextualización das aprendizaxes na contorna local e global; o interese polos obxectivos de desenvolvemento sustentable; o exercicio da solidariedade e a cohesión social; o respecto á diversidade cultural e ás diferentes identidades; o afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores e prácticas democráticas; a elaloración e conservación do patrimonio; a defensa da igualdade real entre mulleres e homes, así como a loita contra calquera tipo de discriminación. Para iso hai que combinar as ferramentas e estratexias propias dos métodos de estudo de cada unha destas dúas disciplinas co pensamento xeográfico e o histórico, coa capacidade crítica e de concienciación.

O pensamento xeográfico enténdese como un conxunto de habilidades para analizar, comprender, transformar e producir novas formas de coñecemento espacial ao redor de conceptos como proximidade, conexión, localización ou distribución espacial, utilizando a escala adecuada en cada caso, desde o local ao global. É que entender as razóns que configuran o territorio e as paisaxes permite considerar alternativas e, polo tanto, outorga a posibilidade de actuar para construír espazos que favorezan a xustiza social, o equilibrio ambiental e a cidadanía global. Isto require a aplicación de procedementos de análise xeográfica; establecer relacións causais entre diversas variables que explican a complexidade dos fenómenos sociais no espazo; propoñer hipóteses explicativas, e comunicar resultados dunha procura sinxela utilizando as técnicas de representación do espazo e o vocabulario xeográfico. O pensamento histórico defínese como o proceso levado a cabo para interpretar as fontes do pasado e xerar as narrativas históricas a través da reflexión sobre a súa relevancia, a análise de fontes, a discusión sobre as causas e consecuencias dos acontecementos, así como a análise dos cambios e continuidades entre estes, desde unha perspectiva temporal e contextualizada, e con relación a determinados criterios éticos e cívicos. Pero a Xeografía e a Historia non só abordan o pasado, senón tamén o presente e o futuro nun dobre plano: os estudantes deben comprender a súa realidade inmediata a partir dos coñecementos do pasado para tomar decisións futuras sen prexuízos, como cidadáns autónomos e coherentes. E nun segundo plano, a Xeografía e a Historia permiten explicar e entender o presente como un proceso inacabado (eliminando posturas teleolóxicas) sobre o cal é posible actuar desde unha perspectiva científica, para modelar o futuro.

Tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos contidos queda reflectida a visión funcional e activa das aprendizaxes propias da materia. A avaliación dos obxectivos realízase a través dos criterios de avaliación, que miden tanto os resultados como os procesos dunha maneira aberta, flexible e interconectada dentro do currículo. Establécense certas etapas históricas e determinados ámbitos temáticos nos distintos cursos, pero a progresión de contidos está condicionada principalmente pola complexidade dos procesos que se poñen en acción e a madurez persoal e cívica do alumnado, acorde co seu desenvolvemento e capacidades. É precisamente esta multidimensionalidade da avaliación, que relaciona a adquisición de coñecementos, o desenvolvemento e a posta en acción de destrezas e procesos, así como o exercicio e incorporación de actitudes, valores e compromisos, a que debe facer dos criterios a guía das intencións e das estratexias educativas.

Porque todas estas facetas formativas deben verse comprometidas nas iniciativas e aprendizaxe do alumnado con base nunha consideración integral da súa formación. Hai, polo tanto, un avance na óptica curricular que profunda na

substitución da acumulación enumerativa enciclopedista baseada na memorización de datos polo afondamento do coñecemento, a aplicación práctica da aprendizaxe e o desenvolvemento de competencias que permitan avaliar o alumnado desde unha perspectiva multifocal. A aplicación dunhas metodoloxías máis activas contribuirá a que o alumnado mostre e potencie todas as súas capacidades, o que fomentará máis a súa motivación e predisposición á aprendizaxe.

Neste sentido, os criterios de avaliación e os contidos, estruturados por cursos e en tres bloques, son concibidos como unha meta e non só como unha base da cal partir, situando no alumnado o protagonismo na súa construción para dotalos de significado e comprender con eles o mundo en que vive. Trátase de non incorrer en enfoques exclusivamente academicistas na presentación e organización dos contidos, tradicionalmente dispostos en campos disciplinares estancos, excesivamente concretos, pechados en ámbitos temáticos e a través de secuencias diacrónicas sucesivas, promovendo unha perspectiva máis aberta e flexible, na cal as dimensións do espazo e do tempo poidan ser interpretadas e desenvolvidas ao longo de todos os cursos, permitindo combinar a xeografía e a historia e conectar os seus métodos e campos de estudo.

O primeiro dos bloques, «Retos do mundo actual», contribúe a que en todos os cursos se preste especial atención aos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global, e está destinado a espertar no alumnado unha mirada crítica e responsable. Tamén a incidir no desenvolvemento de procesos de aprendizaxe relaciona dos coa sociedade da información e do coñecemento, que exigen unha constante actualización e posta ao día, así como a dispoñer das destrezas e actitudes necesarias para actuar adecuadamente nas plataformas dixitais e redes de comunicación. Con este enfoque, baseado en problemas sociais relevantes, preténdese espertar no alumnado a conciencia histórica sobre problemas, conflitos e incertezas actuais, complementando as visións xeográfica e histórica da sociedade a través da súa dinámica e evolución no tempo. Perséguese que os xuízos propios e a capacidade de diálogo e de debate estean fundamentados e argumentados, previndo a desinformación, a falta de criterio e as actitudes intolerantes, e contribuíndo a que o alumnado sexa capaz de formular solucións ao presente para o futuro.

O bloque de «Sociedades e territorios» está orientado á aplicación de estratexias e métodos das ciencias sociais e, en concreto, dos procedementos e das técnicas que achegan a xeografía e a historia, a través de metodoloxías como poden ser o traballo por proxectos, o desenvolvemento de experiencias de investigación e outras propostas baseadas na indución e na experimentación. Os contidos deste bloque están organizados arredor das grandes cuestións que preocupan a humanidade e que contribúen a explicar a orixe e a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo. Tales cuestións preséntanse, de maneira transversal, a través das distintas etapas históricas, desde a Prehistoria ata a Idade Moderna nos dous primeiros cursos, e no mundo contemporáneo en terceiro e cuarto, contribuíndo en todos os casos á comprensión xeral de permanencias e cambios, e contextualizando e mostrando, de ser o caso, a conexión co presente dos fenómenos analizados.

O terceiro bloque de obxectivos, «Compromiso cívico local e global», subliña a importancia deste compoñente, que integra, ademais de valores e actitudes (tolerancia, respecto, compromiso...), outros ámbitos asociados ao desenvolvemento persoal do alumnado, como poden ser o sentido da responsabilidade, o desenvolvemento do espírito crítico, a capacidade para crear unha opinión propia ou o sentirse parte activa do devir da sociedade.

Estas dimensións son fundamentais para a formación integral, tanto polo sentido que lle outorga ao resto dos saberes, aos cales complementa e lles dá significado, como pola súa proxección social e cidadá.

En cada un dos catro cursos cada bloque divídese, pola súa vez, en epígrafes con aspectos xenéricos clave. Tales bloques non son nin homoxéneos nin equilibrados, polo quenon é preciso que se correspondan de forma directa con cada unha das avaliacións do curso ordinario, á vez que permiten subdivisións ou alteracións internas.

A proposta pretende darlles a liberdade suficiente a cada departamento e ao seu profesorado, para a organización destes contidos, a súa programación, secuenciación, parcelación e enfoque. Isto inclúe a posibilidade de realizar un percorrido cronolóxico ¿diacrónico ou invertido¿ ou transversal, dentro dos aspectos tratados en cada curso ¿enténdase referido tamén á metodoloxía e ás estratexias específicas¿, en función dos obxectivos e das situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica cun enfoque multicausal e desde a perspectiva do estudo comparado. En calquera caso, a atención á individualidade e á diversidade do alumnado, aos seus intereses e aptitudes, ha de permitir a necesaria diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión.

Doutra banda, o papel vertebrador de procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, facilita a formulación de estratexias interdisciplinares ao longo dos catro cursos da etapa. A capacidade de contextualizar as aprendizaxes e conectalas con problemas actuais e retos do presente, desde unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, permite dotalas de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado, así como crear escenarios diversos en que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais que propicien a participación e o compromiso coa contorna e coa comunidade.

Contextualización

O IES Macías o Namorado atópase na vila de Padrón. Consta aproximadamente de algo máis de 53 profesores que

imparten ensinanzas de ESO, Bacharelato e Ciclos formativos a aproximadamente 540 alumnos no curso actual. O alumnado deste centro procede basicamente do núcleo de Padrón, e de concellos limítrofes: Carcacía, Rois, Dodro, Cesures, Herbón, Extramundi e Valga.

Na vila hai outro IES (Camilo José Cela) e Padrón conta con unha biblioteca municipal un Auditorio e unha programación cultural ampla e amena. Tamén o noso centro conta con unha biblioteca, cunha grande dotación de exemplares. A pesares destes medios, detectase dende hai uns anos pouco hábito lector entre o alumnado e falta de interese por temas culturais e históricos.

O centro conta con pizarras dixitais en practicamente tódalas aulas, ordenador e canón en todas elas. A meirande parte do alumnado manifesta que pode contar cun ordenador na casa e está moi familiarizado co uso das novas tecnoloxías, ademáis todos coñecen o funcionamento da Aula Virtual do centro.

O alumnado caracterízase por ter bo comportamento, sendo infrecuente as condutas disruptivas; sen embargo, e con carácter xeral, é un alumnado que carece de hábitos de estudo, e que tende a non esforzarse... carencias que sobre todo se detectan na ESO nos últimos anos.

Con respecto aos hábitos lingüísticos, son moitos os alumnos cuxa lingua materna é o galego, e o manexan con fluidez, aínda que si se detectan dificultades na expresión escrita (falta de vocabulario, expresión simple) en ámbalas dúas linguas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3	3	4	1-2-4-5	1	1	3	4
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2	3	2	1-2	4	1-3	1-3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.	2-3		3-4-5	1-5	3	3-4	1	1-4
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.	1-3	2	1	1-2	2	1-2-3-4	1	1-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	1-5	3	2	1-3-5	1-3	1-2	3	1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a chegada dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	1-5	3	1-3	1-3	3	1-2-3	1-3	1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservar e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	2-5	3	2-4	1-2	1-3	1-2-3		1-2-3
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoos de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.	2		1-4-5	4	2-5	1-2-3	1	1
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2-5		2	1-3	1	1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O futuro dunha poboación que envellece.	Trata dos seguintes aspectos: Unha repartición desigual da poboación, así como o seu envellecemento, os fluxos migratorios e a problemática demográfica actual.	11	8	X		
2	A economía mundial e a globalización.	Trata do fenómeno da globalización os seus aspectos positivos e negativos, e da actividade económica no mundo actual.	11	8	X		
3	A produción de alimentos, clave na axenda 2030.	Trata sobre o sector primario (agricultura, gandería, pesca, explotación forestal) na UE, en España e en Galicia.	11	9	X		
4	A necesidade dunha industria máis sostible.	Trata sobre o sector secundario (minaría, produción de enerxía) en España e en Galicia, e o seu impacto ambiental.	11	9		X	
5	Comercio e transporte: motor e reto da economía.	Trata sobre o sector terciario, especialmente os transportes e o seu impacto medioambiental.	11	9		X	
6	Outros servizos básicos para economía e o benestar.	Trata de explicar o funcionamento e a sustentabilidade do sector turístico en España e en Galicia, así como outros servizos que procuran riqueza e benestar.	11	9		X	
7	Os retos do mundo globalizado e os ODS.	Trata de das desigualdades e os contrastes no desenvolvemento dos distintos países, e as súas consecuencias.	19	9			X
8	A crise do Antigo Réxime. A orixe do mundo contemporáneo.	Trata do Antigo Réxime, a Ilustración e o despotismo ilustrado, así como o rol da muller nesa época.	3	9			X
9	O Século da Razón. Transformación política. Da servidume á cidadanía.	Trata do Antigo Réxime, a Ilustración e o despotismo Ilustrado, así como os síntomas e propostas de cambio. É importante destacar a figura de mulleres que na época propuñan cambios no seu rol.	3	9			X
10	Os diferentes sistemas políticos: absolutismo vs parlamentarismo.	As ideas do liberalismo e as revoltas americana e francesa e as súas consecuencias. Así mesmo coa revolución industrial estúdase a derivada do capitalismo e a nova sociedade de clases. O rol das mulleres na época das revolucións.	3	9			X
11	O absolutismo borbónico en España. A práctica do Despotismo Ilustrado. S. XVIII en Galicia.	Trata dos primeiros monarcas Borbón en España, o reformismo ilustrado de Carlos III e a guerra e revolución liberal en España. A importancia da Constitución de 1812. Restauración borbónica.	3	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Os movementos artísticos. As artes na época da Ilustración. Rococó.	Trata de coñecer as características xerais das manifestacións artísticas deste período e a súa relación coa arte clásica. Faise fincapé na figura independente de Goya para que se analicen as pinturas de temática histórica relevantes.	3	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O futuro dunha poboación que envellece.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo mural sobre medio ambiente, identificando e describindo aceptablemente as principais características e causas e consecuencias do seu deterioro.	PE	100
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características da contorna natural e o aproveitamento que fai o ser humano do medio.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre as maneiras de conservar o medio natural, rural e urbano e coñece accións que se promoven desde diferentes ámbitos.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo no que indique como pode contribuír a mellorar o medio ambiente e solucións se poden tomar a diferentes escalas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
